2) Distribución flexible dos espazos, sempre que sexa posible, propiciando o traballo colaborativo a través de distintos tipos de agrupamentos. Así, o gran grupo é axeitado para a posta en común e corrección de tarefas, a identificación dos coñecementos previos do alumnado á hora de iniciar unha nova unidade didáctica, a revisión e síntese final, os debates, a realización de exposicións orais ou multimedia ou o visionado de recursos audiovisuais. Os pequenos grupos son idóneos para o desenvolvemento de proxectos de investigación. Pola súa parte, o traballo por parellas enriquece as exposicións orais e as actividades de creación literaria. Finalmente, as actividades individuais son aplicables ás probas escritas, ás actividades de reforzo ou á lectura interior.

3) Emprego de estratexias para a comprensión e a recomendación lectora:

-Lectura compartida de textos propios do ámbito persoal, social e académico para procurar a interacción entre iguais, posto que todo o alumnado participará na lectura en voz alta dos fragmentos escollidos, a escoita activa, a comprensión oral e a explicación e argumentación arredor da interpretación dos mesmos.

-Lectura de textos adscritos aos distintos xéneros discursivos para captar a información esencial, realizar as inferencias necesarias para a súa correcta comprensión, recoñecer a idea principal e as secundarias, identificar a súa estrutura e interpretar os fragmentos propostos tendo en conta as súas características formais e temáticas.

-Lectura dixital (e-book, blogs, foros, wikis, textos procedentes das redes sociais), para o desenvolvemento dunha competencia lectora parcialmente diferente á empregada na comprensión e análise dos textos impresos. No caso dos xéneros dixitais, é necesaria a correcta observación e interpretación do hipertexto para assimilar completamente a multiplicidade de significados do fragmento base.

-Lectura comprensiva e expresiva de textos pertencentes aos distintos xéneros literarios (lectura compartida, recitado de poemas, dramatización de textos dialogados), arredor de temas próximos á realidade e aos gustos do alumnado, acompañados de estratexias de comprensión lectora, como a aclaración dos propósitos de lectura, a activación dos coñecementos previos dos estudantes, a atención aos contidos principais do texto e a formulación de predicións de lectura.

4) Utilización de recursos para mellorar a oralidade a través de actividades contextualizadas en situacións reais e próximas ao alumnado, mediante o emprego de audios, vídeos e recreación de conversas veraces que poidan producirse na contorna dos estudantes. Proporase, así, unha ampla variedade de situacións comunicativas espontáneas e planificadas e de contextos formais e informais, co fin de abordar desde un punto de vista eminentemente práctico os distintos rexistros, elementos e principios da comunicación.

5) Creación de textos escritos con diversas finalidades (narrar, describir, informar, expoñer, argumentar...), pertencentes aos ámbitos persoal, social e académico, seguindo as distintas fases da construción textual: a planificación das ideas a través dun borrador, determinando o propósito comunicativo e o destinatario; a redacción; a revisión e a edición final, incidindo na corrección formal (puntuación, ortografía, estruturas gramaticais, ampliación de vocabulario e presentación).

6) Elaboración de resumos, esquemas, sínteses e mapas conceptuais a partir de textos orais e escritos para fomentar no alumnado a conciencia da propia comprensión textual.

7) Exercitación de comentarios e actividades de comprensión de textos escritos e multimodais literarios e non literarios a través de tarefas secuenciadas e guiadas referidas á forma e ao contido dos fragmentos propostos.

8) Creación de textos con intención literaria a partir de modelos dados ou de discursos non literarios (noticias, reportaxes, crónicas, textos instrutivos...).

9) Emprego de dicionarios impresos e dixitais, propiciando o seu uso como unha forma de ampliar o caudal léxico do alumnado e resolver as súas dúbidas lingüísticas e morfosintácticas. Realizaranse, ademais, actividades para a composición e deseño de glosarios temáticos.

10) Manexo dos recursos propios das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a procura de datos, a realización de traballos multimedia, a consulta da prensa dixital e a creación de espazos virtuais con material didáctico integrado.

11) Utilización dos fondos, servizos e recursos da Biblioteca escolar como espazo creativo de aprendizaxe e construción de novos coñecementos a través da consulta de libros, dicionarios, xornais, materiais audiovisuais, potenciando tamén a lectura autónoma para a creación dunha identidade lectora sólida e definida, fundamentada no enriquecemento cultural e a interrelación entre as distintas áreas do saber.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Documentos e recursos elaborados ou facilitados polo docente.
Escolma de textos variados orais, escritos e multimodais en diversos formatos e soportes.
Selección de fragmentos e/ou obras de lectura obrigatorias e voluntarias coas súas correspondentes guías de lectura.
Boletíns con actividades de reforzo, ampliación e recuperación.
Actividades interactivas, animacións, vídeos e espazos dixitais para a construción de novas aprendizaxes.
Recursos e aplicacións informáticas e multimedia.
Materiais de investigación e consulta.
Emprego do debate como ferramenta que estimula o seu interese e a súa capacidade para reflexionar, relacionar, consolidar coñecementos, respectar opinións e extraer conclusións.

A selección dos materiais docentes que integran a programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, ha de dar resposta á adecuación ao contexto do centro, á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos para cada curso. Ademais, debe abarcar unha grande variedade de actividades individuais e grupais que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade positiva que favoreza a inmediata comprensión oral e escrita do alumnado.

Así pois, a proposta metodolóxica para a materia de Lingua Castelá e Literatura supón, ademais dos materiais teóricos necesarios para o desenvolvemento de cada unidade didáctica, o emprego dunha grande variedade de textos orais, escritos e multimodais procedentes de diversas tipoloxías e situacións comunicativas para a súa análise e comentario.

O achegamento do alumnado á realidade na que vive a través da interpretación textual outorga á materia unha dimensión funcional innegable. Por iso, convén traballar tamén con discursos extraídos dos xéneros xornalísticos, que aproximen aos estudantes á comprensión de temas de actualidade e lles permitan ser críticos co contexto que os rodea.

A escolma de fragmentos e obras de lectura obrigatorias e voluntarias, como obxecto de observación, reflexión e crítica, pretende favorecer o hábito lector do alumnado, partindo de textos próximos aos seus intereses e expectativas para ir achegándoos progresivamente á literatura clásica.

O emprego de fichas de traballo, actividades interactivas, animacións, vídeos e aplicacións multimedia permiten o reforzo, consolidación e afondamento das aprendizaxes adquiridas, a escoita activa, a empatía e o debate a través de tarefas competenciais próximas á realidade do alumnado. Favorece tamén a investigación sobre temas de actualidade e problemas reais e a activación de estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos literarios e non literarios, posto que implica a procura de información, a interpretación e relación dos datos obtidos e a reflexión sobre o contido e a forma.

O visionado de material cinematográfico e audiovisual sentará as bases do coloquio posterior e servirá para afondar nos contidos abordados en cada unidade, ademais de propiciar o traballo investigador, grupal e por proxectos proposto nalgunha das unidades didácticas da materia.

O emprego das TIC constitúe un recurso ineludible, pois actúa como ferramenta fundamental para a obtención de información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados de proxectos e traballos de investigación. Neste sentido, recoméndanse, entre outros, os seguintes materiais de consulta:

Diccionario da Real Academia Española: www.rae.es

Diccionario Panhispánico de Dúvidas: www.rae.es/dpd

Medios de comunicación: <https://www.prensaescrita.com/prensadigital.php>

Compilación da obra lírica dos poetas máis relevantes en lingua castelá: www.los-poetas.com

Espazo para a creación poética propia, a confección de libros virtuais, a compilación lírica e o comentario de textos de outros autores: www.poemas-del-alma.com

Ampla colección de audio e videopoemas: www.palabravirtual.com

Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes: <http://cervantesvirtual.com>

Testeando. Xogos de preguntas e respostas de opcións distribuídos por niveis educativos: <https://www.testeando.es/>

Portal de recursos educativos Leer.es: <https://leer.es/>

Prácticas de lectura intensiva e comprensión lectora: <http://www.xtec.cat/~jgenover/complex.htm>

Biblioteca dixital con máis de catro mil títulos de Literatura clásica e contemporánea en castelán: <http://eleo.mecd.gob.es/opac/?locale=es#indice>

Plataforma educativa para traballar a comprensión lectora: <https://www.intralineas.com/>

Materiales de Lengua y Literatura: <http://www.materialesdelengua.org/>

Aula de Letras: http://www.auladeletras.net/Aula_de_Letras/Inicio/Inicio.html

Morderse la lengua: https://cvc.cervantes.es/actcult/morderse_lengua/default.htm

Analizador morfosintáctico do Ministerio de Educación: <https://intef.es/?enlace=1&prev=2>

Ejercicios interactivos para traballar o léxico: <http://www.xtec.cat/~jgenover/lexico.htm>

Actividades interactivas sobre sintaxe: <http://www.xtec.cat/~jgenover/sinta.htm>

Actividades interactivas sobre ortografía, lingua e diversidade: <http://www.xtec.cat/~jgenover/miscel.html>

Páxina web do ITE (Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas: <https://intef.es/recursos-educativos/recursos-para-el-aprendizaje-en-linea/>)

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Na primeira semana de clase, haberá unha proba escrita que recabará datos para a avaliación inicial. A proba constará de varias partes (comprensión de textos, expresión escrita e preguntas relacionadas coa gramática, ortografía...). As probas recollen os contidos curriculares básicos da materia a nivel de 3º de ESO.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	10	15	10	15	15	10	10	100
Proba escrita	55	80	40	80	35	50	80	40	55
Táboa de indicadores	45	20	60	20	65	50	20	60	45

Criterios de cualificación:

Na primeira semana de clase, haberá unha proba escrita que recabará datos para a avaliación inicial. A proba constará de varias partes (comprensión de textos, expresión escrita e preguntas relacionadas coa gramática, ortografía...). As probas recollen os contidos curriculares básicos da materia a nivel de 3º de ESO.

Traballo diario dentro e fóra da aula 10%

Exame de avaliación 50%

Control 20%

Tarefa(s) por avaliación 10%

Obra de lectura 10%

TRABALLO DIARIO:

Valorarase: 0,5 polo traballo realizado na casa (traer feitos os exercicios que se piden; facer as revisións e as corrección oportunas dos mesmos cando se corrixen na clase) e 0,5 polo traballo realizado na aula (seguimento das clases, participación, preguntar dúbidas, saír voluntario/a...)

EXAMES:

Realizarase un exame por avaliación que se puntuará sobre 5. Nel haberá cuestións de comprensión lectora e preguntas sobre os contidos de literatura e de coñecemento da lingua.

Poderase descontar ata 0,75 puntos por erros de ortografía reiterados e/ou redacción (0,1 por cada dúas faltas nas grafías; 0,1 por cada dous erros nos signos de puntuación; 0,1 por cada dous fallos de redacción; 0,1 por cada dúas faltas na acentuación das palabras).

TAREFAS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE:

En cada trimestre realizarase unha tarefa, que se puntuará sobre 1 e que se terá en conta tamén a final de curso para valorar a adquisición das competencias clave. O traballo realizarase de forma individual, en parellas ou en grupos máis amplos; consiste na elaboración de textos de tipoloxías variada seguindo as pautas indicadas.

LECTURAS:

Terán que facer unha lectura obrigatoria por avaliación:

- 1ª avaliación: Marina, Carlos Ruiz Zafón.

- 2ª avaliación: La casa de Bernarda Alba, García Lorca.

- 3ª avaliación: Nada, Carmen Laforet.

Sobre cada unha deberán realizar un control de lectura polo que poderán acadar ata 1 p.

CONTROL:

Realizaranse un control por avaliación sobre comprensión oral e/ou escrita e coñecemento da lingua que se puntuará sobre 2.

A nota da avaliación será a suma de: nota do exame de avaliación, nota do control, nota pola(s) tarefa(s) e nota sobre a lectura obrigatoria e nota polo traballo diario. Aprobarán aqueles alumnos/as que acaden unha nota \geq 5.

A nota final da materia na convocatoria ordinaria será a media entre as tres avaliacións, con aplicación do redondeo.

O alumnado superará a materia en dous supostos:

- 1.- Ten avaliación positiva nas tres avaliacións.
- 2.- A media entre as tres avaliacións, aplicando o redondeo, é igual ou superior a 5.

Criterios de recuperación:

En caso de non ter superada a materia segundo os anteriores supostos, poderá recuperarse mediante a realización dun exame final en xuño que versará sobre os contidos de todo o curso. Para aprobar a materia, nese examen, terán que obter unha nota igual ou superior a cinco. **

** Esta proba queda supeditada ás instrucións sobre final de curso que cheguen desde a Consellería; realizarase sempre que as datas o permitan.

6. Medidas de atención á diversidade

Plan específico de reforzo para o alumnado de ESO que pase de curso con materias sen superar.

Atendendo á orde 8 de setembro 2021 (Atención á diversidade), para o alumnado que pase de curso con materias sen superar realizarase un plan específico por cada unha das materias que non superou destinado á súa recuperación e superación. Este plan será elaborado polo profesorado da materia, baixo as directrices do departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, debendo adaptarse ás particularidades de cada alumno

Realizarase un seguimento e os axustes pertinentes en cada avaliación e ao final de curso informarase na avaliación final sobre o seu desenvolvemento e aproveitamento.

Para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, (en base ao recollido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño) por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe por trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poidan alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa para todo o alumnado.

De ser necesario, elaborarase a adaptación curricular do alumnado que a precise en colaboración co Departamento de Orientación; o noso Departamento levará a cabo as medidas recollidas nesa adaptación que lle correspondan.

Así mesmo, estableceranse as medidas oportunas para os alumnos con dificultades específicas de aprendizaxe por TDAH, tales como adaptación de instrumentos e, e de ser o caso, tempos e apoios que aseguren unha correcta avaliación deste alumnado. De igual xeito, buscarase a localización máis idónea na aula, de forma que estean sentados cerca da mesa do profesor e, na medida do posible, ao lado de compañeiros que lle sirvan de modelo de tranquilidade, de orde e axuda.

Ao longo do curso e, segundo a evolución e necesidades concretas de cada alumno/a, poderanse levar a cabo todas as medidas que consideremos necesarias para o correcto desenvolvemento destes alumnos/as.

O alumnado coa materia pendente deberá realizar unha serie de fichas elaboradas polo departamento e que lle serán entregadas no 1º trimestre (coa materia sobre a que serán avaliados no 1º parcial) e no 2º trimestre (coa materia do 2º parcial). O seguimento deste traballo realízao o/a profesor/a que lle imparte a materia no curso no que está matriculado.

Para a cualificación da materia aplicaranse os seguintes instrumentos e porcentaxes: fichas realizadas: 40%; exame parcial: 60%. Aqueles alumnos/as que non consigan aprobar por parciais, terán a oportunidade de presentarse a un exame final, que se puntuará sobre 10. No caso de non aprobar a materia na convocatoria ordinaria terán a posibilidade de examinarse de novo de toda a materia na proba extraordinaria.

A distribución de contidos por parciais e os procedementos de avaliación figuran na Presentación de materia de pendentes aloxada na páxina web do departamento e na correspondente materia de Edixgal..

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Prevención e resolución pacífica de conflitos		X	X					X
ET.2 - Educación cívica e en valores			X		X	X		
ET.3 - Formación estética		X		X		X	X	
ET.4 - Igualdade entre mulleres e homes		X	X			X		
ET.5 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais		X	X			X		
ET.6 - Liberdade de expresión			X			X		X
ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico	X				X			

Observacións:

No artigo 18 do Anteproxecto do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia establécese que, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaránse en todas as materias.

A acción educativa debe fomentar de maneira transversal valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos, a educación para a saúde, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais. Así mesmo, promoveremos a defensa da liberdade, a igualdade, os dereitos humanos e a paz, e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, racismo ou xenofobia.

Evitaremos os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

A materia debe contribuír tamén a incorporar elementos relacionados co desenvolvemento sostible e a protección do medio ambiente e coas situacións de risco derivadas do uso das TIC.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita de autores e autoras	Esta actividade posibilita que o alumnado coñeza de primeira man os recursos que os autores e autoras utilizan ao elaborar unha obra literaria. Permite que os/as estudantes participen en debates e coñezan as motivacións que levan aos escritores e escritoras a crear obras de arte.	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Celebración de efemérides como o Día do Libro e o Día das Letras Galegas	Coa celebración destas datas, o alumnado pode realizar traballos de búsqueda de información de determinados autores e autoras. O profesorado deberá traballar en equipo con compañeiros e compañeiras doutros departamentos, polo tanto é unha actividade ideal para desenvolver tarefas cooperativas de xeito interdisciplinar.	X	X	X
Obradoiros de escritura creativa	Este obradoiro permitirá achegarnos á linguaxe desde un enfoque máis vivencial. Implica un traballo coa escritura e coa a lectura, en tanto que son competencias transversais no currículo académico. Supón reforzar a capacidade de comprensión do alumnado, a adquisición dun espírito crítico, o desenvolvemento da creatividade e dun hábito lector.	X	X	X
Visionado de películas	O visionado de películas é un excelente vehículo para completar e enriquecer as aprendizaxes do noso alumnado. Podemos visionar filmes baseados nalgúns dos libros lidos en clase ou nos clubs de lectura do centro. Esta actividade, ademais de relacionar linguaxes distintas, axudará a mellorar as capacidades de comunicación do alumnado, as habilidades sociais (destrezas conversacionais tanto verbais como non verbais) e a expresión de emocións. Tamén é unha actividade idónea para potenciar a autoestima dos participantes.			X
Asistencia a representación s teatrais	É unha boa forma de achegar ao alumnado a obras literarias	X	X	X

Observacións:

A realización dalgunhas destas actividades dependerá das ofertas de actividades extraescolares que chegan ao centro.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A adecuación de obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado foi BOA/ACEPTABLE/MELLORABLE
As aprendizaxes acadadas polo alumnado foron: Éxito académico (porcentaxe de aprobados): B \geq 70%; A \geq 50% <70% M<50% Metodoloxía empregada
O desenvolvemento da programación didáctica foi: B: impartida o 100%; A: \geq 75% <100%; M: impartida <75%
Metodoloxía empregada
Os procedementos de avaliación do alumnado foron BOS/ACEPTABLES/MELLORABLES

Medidas de atención á diversidade
As medidas de atención á diversidade dentro da aula foron BOAS/ACEPTABLES/MELLORABLES
Clima de traballo na aula
O aproveitamento de recursos dispoñibles no centro e no contorno para desenvolver as programacións foi BO/ACEPTABLE/MELLORABLE
A organización da aula para desenvolver as programacións foi BOA/ACEPTABLE/MELLORABLE
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
A coordinación do profesorado foi BOA/ACEPTABLE/MELLORABLE

Descrición:

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A inclusión e atención á diversidade como resposta educativa á totalidade do alumnado para promover a consecución do éxito escolar.
- A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura estará á disposición da comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. Ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

Avalíase a través do documento MD75010104 Avaliación dos procesos de ensinanza e da práctica docente que todos os membros do Departamento cobren e que é obxecto de reflexión nas reunións de departamento posteriores e nas CCP. Nel establécense os criterios de análise e os indicadores de logro.

Os criterios utilizados polos Departamentos Didácticos do IES As Telleiras para avaliar a programación son os seguintes:

- 1.- A adecuación de obxectivos, contidos, criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.
- 2.- A adecuación de procedementos e instrumentos de avaliación ás características e necesidades do alumnado.

Os indicadores de logro para estes aspectos fan referencia ao éxito académico acadado polo alumnado (porcentaxe de aprobados). Establécese na ESO un mínimo do 75% e en BACHARELATO un 50%. Cando se considere que a programación é mellorable nestes aspectos, será necesaria unha reflexión por parte do Departamento que leve a atopar as causas do problema e a buscar solucións para ter en conta na elaboración da programación do curso seguinte.

- 3.- O grao de desenvolvemento da programación didáctica. Se o grao de desenvolvemento da programación é inferior a un 75% procederase do mesmo xeito que no apartado anterior.

O desenvolvemento da programación didáctica analízase tamén nas sesións de avaliación, nas que se da conta da conformidade ou non neste aspecto nos distintos cursos para unha posterior avaliación no departamento en caso de que se detecte unha non conformidade.

As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as

propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025268	IES As Telleiras	Narón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Ámbito lingüístico social	4º ESO	12	420

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	37
4.2. Materiais e recursos didácticos	37
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	38
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	38
6. Medidas de atención á diversidade	39
7.1. Concreción dos elementos transversais	40
7.2. Actividades complementarias	40
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	41
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	41
9. Outros apartados	42

1. Introducción

O ámbito Lingüístico e Social permítelle ao alumnado obter unha dimensión conxunta da evolución da sociedade actual, achegarse aos diferentes modos de vida polos que pasou o ser humano ao longo da historia e coñecer o patrimonio cultural, social, lingüístico e artístico do noso país. Por outra banda, este ámbito contribuirá á adquisición das competencias clave, pois presenta unha conexión directa coa dimensión comunicativa, intercultural e cívica necesarias para fomentar unha cidadanía responsable.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Identificar e comprender a natureza histórica das relacións sociais, das actividades económicas, das manifestacións culturais e dos bens patrimoniais materiais e inmateriais que compartimos, analizando as súas orixes e evolución e identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos, os problemas actuais e os seus valores presentes, para realizar propostas que contribúan a respectar os sentimentos de pertenza, o benestar futuro e o desenvolvemento da sociedade.	1-2-3		5	1-2-3	1-3	1-4	1	1-2-3
OBX2 - Comprender as orixes e a evolución dos procesos de integración europea e a súa relevancia no presente e no futuro da sociedade española e das comunidades locais, destacando a contribución do Estado, as súas institucións e as entidades sociais á paz, á cooperación internacional, á cohesión social, á solidariedade territorial, ao desenvolvemento sustentable e á cidadanía global con base nos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, para contribuír a crear un mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto no que se recoñeza a conformación dunha realidade multicultural e se valore a contribución dos movementos en defensa da igualdade e da inclusión evitando discriminacións e violencias.	1-2-3		1	1-2-3	1-3	2-3-4	1-3	3
OBX3 - Valorar os principios básicos do sistema democrático e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, analizando de forma crítica as formulacións históricas e xeográficas, as institucións e as diferentes organizacións políticas e económicas en que se manifestan, para adecuar o comportamento propio ao cumprimento dos devanditos principios.	1-2-5	3	1	1-2-3	1-3	2-3-4	2	1-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Comunicar en lingua castelá e galega de maneira cooperativa e respectuosa, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e á súa adecuación a diferentes ámbitos e contextos, para dar resposta a necesidades concretas	1-2-4-5	1-2-3	1-4	1-2-3-4-5	1-2-3-4	1-3	1-3	1-2
OBX5 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformativa en coñecemento para comunicala, adoptando un punto de vista crítico e persoal á par que respectuoso coa propiedade intelectual.	1-2-3-5	1-3	2	1-2-3-4-5	4	3	1-3	2-4
OBX6 - Ler, interpretar e valorar fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais para establecer vínculos entre textos diversos co fin de conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozar da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4-5	1-2-3	1	1	1	1-3	1-3	1-2-3-4
OBX7 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de recepción crítica.	1-2	1-2-3	2-4	2-3	4-5	1-3-4	1-3	1-2-3
OBX8 - Comprender e interpretar, en lingua estranxeira, o sentido xeral e os detalles máis relevantes de textos expresados de forma clara e na lingua estándar, buscando fontes fiables e facendo uso de estratexias como a inferencia de significados, para responder a necesidades comunicativas concretas.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX9 - Producir, en lingua estranxeira, textos orixinais, de extensión media, sinxelos e cunha organización clara, usando estratexias tales como a planificación, a compensación ou a autorreparación, para expresar de forma creativa, adecuada e coherente mensaxes relevantes e responder a propósitos comunicativos concretos.	1	1-2	1	2	5			2

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX10 - Interactuar en lingua estranxeira con outras persoas con crecente autonomía, usando estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a propósitos comunicativos concretos en intercambios respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1	3	3	3		
OBX11 - Mediar en situacións cotiás entre distintas linguas, usando estratexias e coñecementos sinxelos orientados a explicar conceptos ou simplificar mensaxes, para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable.	5	1-2-3	1		1-3	1-3		1
OBX12 - Ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando de forma crítica sobre o seu funcionamento e tomando conciencia das estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas.		2	1	2	1-5			

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Tratamento da información	Dedicaremos esta unidade ao manexo de diversas fontes de información para a realización de tarefas ou proxectos de investigación sobre temas curriculares e outros aspectos vinculados á realidade socio-histórica, lingüística, literaria e cultural.	15	70	X	X	X
2	Comprensión e expresión oral	Dedicarase a presente unidade á comprensión e creación de textos orais planificados segundo os moldes xenéricos aos que pertencen e construídos dun xeito cohesionado, coherente e adecuado ao contexto.	15	70	X	X	X
3	Comprensión e expresión escrita	A presente unidade didáctica está destinada ao desenvolvemento dunha comprensión escrita eficaz por parte do alumnado. Para iso, realizaranse tarefas que impliquen: captar o sentido global dun texto e a información máis relevante en	15	70	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Comprensión e expresión escrita	función do propósito de lectura e do contexto no que este se produce, realizar as inferencias necesarias, formular hipóteses arredor da súa intención comunicativa, e reflexionar sobre a súa forma e contido	15	70	X	X	X
4	Linguaxe e comunicación	Dedicarase esta unidade ao estudo e aplicación da comunicación como o medio de comprender e construír mensaxes dialóxicas, empregando rexistros distintos dentro dunha mesma lingua ou incluso idiomas diferentes	25	60	X		
5	Reflexión sobre a lingua	Dedicarase esta unidade ao estudo e aplicación da comunicación como o medio de comprender e construír mensaxes dialóxicas, empregando rexistros distintos dentro dunha mesma lingua ou incluso idiomas diferentes	10	60		X	
6	Educación literaria	Dedicarase esta unidade ao estudo e aplicación da comunicación como o medio de comprender e construír mensaxes dialóxicas, empregando rexistros distintos dentro dunha mesma lingua ou incluso idiomas diferentes	10	50			X
7	Sociedades, territorios e retos do mundo actual	Dedicarase esta unidade ao estudo e aplicación da comunicación como o medio de comprender e construír mensaxes dialóxicas, empregando rexistros distintos dentro dunha mesma lingua ou incluso idiomas diferentes	10	40		X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Tratamento da información	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer e valorar as linguas oficiais de España e as súas variedades dialectais, con atención especial ao galego e ao castelán, a partir da explicación da súa orixe e do seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico, contrastando aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas, así como trazos dos dialectos do español e do galego, diferenciándoos dos trazos sociolectais e de rexistro, en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Recoñece e valora as linguas oficiais de España e as súas variedades dialectais	PE	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da manipulación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Formula xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua.		
CA1.1 - Realizar pequenas investigacións a distintas escalas temporais e espaciais e transferir adecuadamente a información xerando produtos orixinais e creativos como narracións, pósteres, dosieres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e levar a cabo exposicións orais sobre temas de interese persoal con coherencia e fluidez e producir e expresar xuízos e argumentos persoais e críticos de forma aberta e respectuosa.	Realiza exposicións orais sobre temas de interese persoal con coherencia e fluidez e expresa xuízos persoais de forma aberta e respectuosa		
CA1.2 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos.	Analiza os principais conflitos do presente e recoñece as institucións do estado		
CA1.5 - Coñecer e contribuír a conservar o patrimonio material e inmaterial común, respectar os sentimentos de pertenza adoptando compromisos con principios e accións orientadas á cohesión e solidariedade.	Adopta compromisos con principios orientados á cohesión e á solidariedade		
CA1.6 - Coñecer, valorar e exercitar responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e afirmación a través do coñecemento do noso ordenamento xurídico e constitucional.	Coñece, valora e exercita responsabilidades, dereitos e deberes a través do coñecemento do noso ordenamento xurídico	TI	70
CA1.7 - Identificar e valorar as principais institucións europeas, analizando os seus principios reitores, as súas normas de funcionamento e as súas funcións, xulgando o seu papel nos conflitos internacionais e recoñecendo a súa contribución á paz e a cooperación internacional, o desenvolvemento sustentable e a cidadanía global.	Identifica as principais institucións europeas e recoñece a súa contribución á paz e a cooperación internacional		
CA1.9 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e adoptar un papel activo e comprometido coa contorna empregando estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	Recoñece movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, e adopta un papel comprometido coa contorna		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Identificar e cuestionar prexuizos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal a partir da análise da diversidade lingüística en contextos comunicativos cotiáns dos ámbitos persoal e profesional e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas e da indagación dos dereitos lingüísticos individuais e colectivos.	Identifica e cuestiona prexuizos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural		
CA2.5 - Aceptar e valorar a diversidade lingüística e cultural como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que fomenten a sustentabilidade e a democracia.	Acepta e valora a diversidade lingüística e cultural como fonte de enriquecemento persoal		
CA3.7 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes, tanto analóxicas como dixitais, evitando os riscos de manipulación e desinformación e calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizar e integrar a información en esquemas propios, e reelabora e comunica de maneira creativa adoptando un punto de vista crítico respectando os principios de propiedade intelectual.	Localiza, selecciona e contrasta información procedente de distintas fontes e organízaa en esquemas propios, adoptando un punto de vista crítico.		
CA3.8 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social a partir da información seleccionada.	Elabora traballos de investigación sobre diferentes temas.		
CA4.7 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais e outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	Establece vínculos argumentados entre diferentes textos		
CA6.1 - Extraer e analizar o sentido global e as ideas principais, e seleccionar información pertinente de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.	Extrae e analiza o sentido global e as ideas principais de textos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Retos do mundo actual. - Sociedade e territorio. - Conflitos e violencias: orixe e consecuencias da Segunda Guerra Mundial.

Contidos

- A Ditadura de Franco e a Transición política e configuración do estado democrático coa Constitución de 1978.
- Compromiso cívico e global.
- Recoñecemento das linguas oficiais de España e das súas variedades dialectais, con especial atención ao galego e ao castelán. As linguas de signos. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos.
- Afondamento nos fenómenos dialectais (fónicos, gramaticais e léxicos) dos bloques/das áreas lingüísticas do galego. Comparación entre a norma e as variedades dialectais.
- Diferenzas entre os trazos dialectais e os sociolectos e os rexistros.
- Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos, interferencias.
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor.
- Produción oral formal. Planificación e procura de información, creación e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto.
- Produción escrita. Planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos, etc.
- Alfabetización informacional.
- Procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios.
- Comunicación e difusión da información de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual.
- Análise dos riscos e consecuencias da manipulación e a desinformación e a vulneración da privacidade.
- Achegamento ao correcto emprego do sistema de citación e uso das referencias bibliográficas nas creacións propias.
- Utilización responsable das tecnoloxías da información e da comunicación. Uso de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais, tanto para a procura de información como para a realización de proxectos escolares.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Identificación e emprego de recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos básicos: a aposición e as oracións de relativo.
- Emprego correcto dos mecanismos de cohesión. Recoñecemento e utilización de conectores textuais, con especial atención aos que expresan a causa, consecuencia, condición e hipótese. Identificación e uso de mecanismos de referencia interna gramaticais (subs)
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Emprego correcto dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura guiada.
- Lectura guiada de fragmentos de obras relevantes do patrimonio literario español desde o século XIX ata a actualidade.

Contidos

- Lectura guiada de fragmentos de obras relevantes do patrimonio literario galego desde o século XX ata a actualidade.
- Lectura guiada de fragmentos de obras relevantes do patrimonio literario universal desde o século XIX ata a actualidade.
- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras. Discusións, o conversas literarias, debates ou emisión razoada das opinións persoais.
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios, atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo feminino.
- Lecturas de obras ou fragmentos de textos que promovan a defensa dos dereitos humanos e a conciencia ambiental.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias: en concreto, o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de par
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Estratexias de construción guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico. Observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas (morfemas, palabras, oracións). Manipulación de estruturas, formulación de hipóteses, contraexemplos,
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre os cambios no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e o propósito comunicativo.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple) e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para o cambio de categoría.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Elaboración de glosarios, recoñecemento de distintos tipos de dicionarios, potenciación das TIC a través do emprego do dicionario d
- Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.
- Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.
- Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares
- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación)
- Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas et
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do re
- Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, padróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - repertorio lingüístico pers - Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.

UD	Título da UD	Duración
2	Comprensión e expresión oral	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades do interlocutor ou interlocutora potencial a quen vai dirixido o texto.	Selecciona, organiza e aplica coñecementos e estratexias para producir textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas		
CA6.7 - Planificar, participar e colaborar de maneira activa, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal, profesional ou de interese público próximos á experiencia do alumnado mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións dos interlocutores e interlocutoras.	Participa de maneira activa a través de diversos soportes en situacións interactivas sobre temas cotiáns		
CA6.8 - Seleccionar, organizar e utilizar estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, resumir, colaborar, debater, resolver problemas e xestionar situacións comprometidas.	Selecciona e utiliza de forma guiada estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación		
CA6.9 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e interlocutoras, así como polas linguas empregadas, e participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Explica textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas nas que atende á diversidade, mostrando respecto e empatía polos interlocutores e polas linguas empregadas		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplica estratexias que faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos e mensaxes		
CA6.12 - Utilizar de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio de outros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utiliza estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes		
CA6.13 - Rexistrar e analizar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e consolidar o seu progreso, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	Rexistra e analiza os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Retos do mundo actual. - Sociedade e territorio. - Conflitos e violencias: a Primeira Guerra Mundial. - O período de Entreguerras. A Revolución Rusa, o crack do 29 e os totalitarismos. - Da restauración monárquica en España á Guerra Civil. A muller na República. - Conflitos e violencias: orixe e consecuencias da Segunda Guerra Mundial. - A Ditadura de Franco e a Transición política e configuración do estado democrático coa Constitución de 1978. - Compromiso cívico e global. - Dignidade humana e dereitos universais. - A igualdade real de mulleres e homes e cohesión social. - O patrimonio como ben e como recurso. - Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos, interferencias. - Indagación sobre os dereitos lingüísticos e a súa expresión en leis e declaracións institucionais. - Xéneros discursivos desde o punto de vista de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo: a estrutura e principais características dos textos científicos, técnicos e humanísticos.

Contidos

- Xéneros discursivos propios do ámbito profesional: o currículo, a carta de motivación e a entrevista de traballo.
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. Comunicación emocional.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto.
- Lectura autónoma.
- Estratexias de mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A lectura compartida e
- Observación das diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Estratexias de construción guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico. Observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas (morfemas, palabras, oracións). Manipulación de estruturas, formulación de hipóteses, contraexemplos,
- Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.
- Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás.
- Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares
- Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, padróns e elementos gráficos.
- Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colabora
- Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.

UD	Título da UD	Duración
5	Reflexión sobre a lingua	60

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Enriquece os textos atendendo aos aspectos discursivos, con precisión léxica e con corrección ortográfica e gramatical	PE	55
CA5.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Enriquece os textos grazas á precisión léxica e á corrección ortográfica e gramatical		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.4 - Formular xeneralización sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da manipulación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Formula xeneralización sobre algún aspecto do funcionamento da lingua utilizando a metalinguaxe específica e consultando dicionarios, manuais e gramáticas		
CA1.1 - Realizar pequenas investigacións a distintas escalas temporais e espaciais e transferir adecuadamente a información xerando produtos orixinais e creativos como narracións, pósteres, dosieres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e levar a cabo exposicións orais sobre temas de interese persoal con coherencia e fluidez e producir e expresar xuízos e argumentos persoais e críticos de forma aberta e respectuosa.	Realiza pequenas investigacións a distintas escalas temporais e espaciais e transfere adecuadamente a información xerando produtos orixinais e creativos		
CA1.2 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos.	Contribúe á consecución dun mundo máis seguro, xusto e solidario a través da análise dos conflitos do presente, o recoñecemento das institucións do estado a das asociacións civís		
CA1.3 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados e utilizar secuencias cronolóxicas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos.	Establece relacións entre os coñecementos adquiridos elaborando sínteses ineterpretativas e explicativas	TI	45
CA1.5 - Coñecer e contribuír a conservar o patrimonio material e inmaterial común, respectar os sentimentos de pertenza adoptando compromisos con principios e accións orientadas á cohesión e solidariedade.	Contribúe a conservar o patrimonio material e inmaterial común e respecta os sentimentos de pertenza		
CA1.6 - Coñecer, valorar e exercitar responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e afirmación a través do coñecemento do noso ordenamento xurídico e constitucional.	Coñece, valora e exercita responsabilidades, dereitos s deberes a través do coñecemento do noso ordenamento xurídico e constitucional		
CA1.7 - Identificar e valorar as principais institucións europeas, analizando os seus principios reitores, as súas normas de funcionamento e as súas funcións, xulgando o seu papel nos conflitos internacionais e recoñecendo a súa contribución á paz e a cooperación internacional, o desenvolvemento sustentable e a cidadanía global.	Identifica as principais institucións europeas e xulga o seu papel nos conflitos internacionais		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.9 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e adoptar un papel activo e comprometido coa contorna empregando estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	Recoñece movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria e pomoven a eliminación da desigualdade de xénero		
CA2.2 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal a partir da análise da diversidade lingüística en contextos comunicativos cotiáns dos ámbitos persoal e profesional e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas e da indagación dos dereitos lingüísticos individuais e colectivos.	Identifica prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto pola riqueza cultural, lingüística e dialectal		
CA2.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Identifica e evita os usos discriminatorios da lingua		
CA2.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, tanto no ámbito persoal como educativo e social e profesional.	Utiliza estratexias para a resolución dialogada de conflitos		
CA2.5 - Aceptar e valorar a diversidade lingüística e cultural como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que fomenten a sustentabilidade e a democracia.	Acepta e valora a diversidade lingüística e cultural como fonte de enriquecemento persoal		
CA5.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica, e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os textos propios e fai propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e coa linguaxe específica		
CA6.11 - Comparar e argumentar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.	Compara e argumenta de forma guiada as diferenzas entre distintas linguas		
CA6.13 - Rexistrar e analizar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e consolidar o seu progreso, facéndoo explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	Rexistra e analiza os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Retos do mundo actual.
- Sociedade e territorio.
- Conflitos e violencias: orixe e consecuencias da Segunda Guerra Mundial.
- A Ditadura de Franco e a Transición política e configuración do estado democrático coa Constitución de 1978.
- Compromiso cívico e global.
- Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos, interferencias.
- Indagación sobre os dereitos lingüísticos e a súa expresión en leis e declaracións institucionais.
- Lectura autónoma.
- Estratexias de construción guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico. Observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas (morfemas, palabras, oracións). Manipulación de estruturas, formulación de hipóteses, contraexemplos,
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre os cambios no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e o propósito comunicativo.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple) e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para o cambio de categoría.
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.
- Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.
- Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación
- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da info
- Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, padróns e elementos gráficos.
- Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, padróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico pers
- Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.

UD	Título da UD	Duración
6	Educación literaria	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Explica e argumenta a interpretación das obras lidas en función do contexto histórico e atendendo á configuración dos xéneros literarios	PE	30
CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crea textos con intención literaria e conciencia de estilo en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais		
CA6.2 - Interpretar e valorar o contido e os trazos discursivos de textos progresivamente máis complexos propios dos ámbitos das relacións interpersoais, dos medios de comunicación social e da aprendizaxe, así como de textos literarios adecuados ao nivel de madurez do alumnado.	Interpreta e , de forma guiada, valora o contido de textos literarios na lingua estranxeira adecuados ao nivel de madurez do alumnado		
CA1.2 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos.	Contribúe á consecución dun mundo máis seguro, solidario e xusto a través da análise dos principais conflitos do presente	TI	70
CA1.5 - Coñecer e contribuír a conservar o patrimonio material e inmaterial común, respectar os sentimentos de pertenza adoptando compromisos con principios e accións orientadas á cohesión e solidariedade.	Coñece e contribúe a conservar o patrimonio material e inmaterial común		
CA1.6 - Coñecer, valorar e exercitar responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e afirmación a través do coñecemento do noso ordenamento xurídico e constitucional.	Coñece, valora e exercita responsabilidades, dereitos e deberes a través do coñecemento do noso ordenamento xurídico e constitucional		
CA1.7 - Identificar e valorar as principais institucións europeas, analizando os seus principios reitores, as súas normas de funcionamento e as súas funcións, xulgando o seu papel nos conflitos internacionais e recoñecendo a súa contribución á paz e a cooperación internacional, o desenvolvemento sustentable e a cidadanía global.	Identifica e valora as principais institucións europeas e o seu papel nos conflitos internacionais		
CA1.9 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e adoptar un papel activo e comprometido coa contorna empregando estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	Recoñece movementos e causas que xeran unha conciencia solidaria e traballan para a eliminación da desigualdade por cuestión de xénero		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorpora procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos e de estilo		
CA4.4 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia de lectura.	Le de maneira autónoma textos seleccionados e explica os criterios de selección das lecturas		
CA4.5 - Compartir a experiencia de lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	Comparte a experiencia de lectura en diversos soportes relacionando o sentido da obra coa propia experiencia		
CA4.7 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais e outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	Establece vínculos entre os textos lidos, entre outros textos e entre outras manifestacións artísticas e culturais		
CA5.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorpora procedementos para enriquecer os textos		
CA5.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica, e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os textos propios de maneira autónoma argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística		
CA5.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Explica e argumenta a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor		
CA5.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da manipulación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Formula xeneralizacións sobre aspectos do funcionamento da lingua		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Retos do mundo actual. - Sociedade e territorio.

Contidos

- Conflitos e violencias: orixe e consecuencias da Segunda Guerra Mundial.
- A Ditadura de Franco e a Transición política e configuración do estado democrático coa Constitución de 1978.
- Compromiso cívico e global.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo: a estrutura e principais características dos textos científicos, técnicos e humanísticos.
- Xéneros discursivos propios do ámbito profesional: o currículo, a carta de motivación e a entrevista de traballo.
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Lectura guiada.
- Lectura guiada de fragmentos de obras relevantes do patrimonio literario galego desde o século XX ata a actualidade.
- Lectura guiada de fragmentos de obras relevantes do patrimonio literario universal desde o século XIX ata a actualidade.
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios, atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo feminino.
- Lecturas de obras ou fragmentos de textos que promovan a defensa dos dereitos humanos e a conciencia ambiental.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Estratexias de construción guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico. Observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas (morfemas, palabras, oracións). Manipulación de estruturas, formulación de hipóteses, contraexemplos,
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Elaboración de glosarios, recoñecemento de distintos tipos de dicionarios, potenciación das TIC a través do emprego do dicionario d
- Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.
- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación)
- Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negació

UD	Título da UD	Duración
7	Sociedades, territorios e retos do mundo actual	40

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos.	Analiza os principais conflitos do presente e recoñece as institucións do Estado e das asociacións civís		
CA1.5 - Coñecer e contribuír a conservar o patrimonio material e inmaterial común, respectar os sentimentos de pertenza adoptando compromisos con principios e accións orientadas á cohesión e solidariedade.	Contribue á conservación do patrimonio material e inmaterial e respecta os sentimentos de pertenza		
CA1.6 - Coñecer, valorar e exercitar responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e afirmación a través do coñecemento do noso ordenamento xurídico e constitucional.	Coñece, valora e exercita responsabilidades, dereitos e deberes. Coñece o noso ordenamento xurídico e constitucional	PE	90
CA1.7 - Identificar e valorar as principais institucións europeas, analizando os seus principios reitores, as súas normas de funcionamento e as súas funcións, xulgando o seu papel nos conflitos internacionais e recoñecendo a súa contribución á paz e a cooperación internacional, o desenvolvemento sustentable e a cidadanía global.	Identifica e valora as principais institucións europeas		
CA1.9 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e adoptar un papel activo e comprometido coa contorna empregando estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	Recoñece movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria;adopta un papel activo e comprometido coa contorna, e emprega estratexias de participación e traballo en equipo		
CA4.6 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Explica e argumenta a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas e externas		
CA5.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Explica e argumenta a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor utilizando o coñecemento da lingua	TI	10
CA5.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da manipulación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	formula xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da comparación e a transformación de enunciados consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Retos do mundo actual. - Xeopolítica e principais conflitos no presente, consecuencia da globalización. Alianzas e institucións internacionais, mediación e misións de paz. O papel de España na política mundial. - Sociedade e territorio. - Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración. - Bases ideolóxicas (liberalismo, marxismo e nacionalismo). O movemento obreiro. - A Constitución de 1812 e os sistemas liberais en España e Galicia. - As relacións internacionais e a época do imperialismo. Causas e consecuencias do colonialismo. - Conflitos e violencias: a Primeira Guerra Mundial. - O período de Entreguerras. A Revolución Rusa, o crack do 29 e os totalitarismos. - Da restauración monárquica en España á Guerra Civil. A muller na República. - Conflitos e violencias: orixe e consecuencias da Segunda Guerra Mundial. - A Ditadura de Franco e a Transición política e configuración do estado democrático coa Constitución de 1978. - A memoria democrática. - A política de bloques e a descolonización. - As transformacións científicas e tecnolóxicas do século XX e XXI. - As expresións artísticas e culturais. Os movementos de vangarda máis destacados. - A acción dos movementos feministas e sufraxistas. Mulleres relevantes da historia contemporánea. - Proceso de construción europea. As institucións europeas e o estado de benestar. - Compromiso cívico e global. - Os valores do europeísmo - Dignidade humana e dereitos universais. - A igualdade real de mulleres e homes e cohesión social. - O patrimonio como ben e como recurso. - Lectura guiada. - Lectura guiada de fragmentos de obras relevantes do patrimonio literario galego desde o século XX ata a actualidade. - Lectura guiada de fragmentos de obras relevantes do patrimonio literario universal desde o século XIX ata a actualidade. - Lecturas de obras ou fragmentos de textos que promovan a defensa dos dereitos humanos e a conciencia ambiental.

Contidos

- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias: en concreto, o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de par
- Estratexias de construción guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico. Observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas (morfemas, palabras, oracións). Manipulación de estruturas, formulación de hipóteses, contraexemplos,
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Elaboración de glosarios, recoñecemento de distintos tipos de dicionarios, potenciación das TIC a través do emprego do dicionario d

4.1. Concrecións metodolóxicas

Poñerase en práctica neste ámbito unha metodoloxía flexible e aberta para abordar as materias que conforman a organización do curso, pois vai facilitar, grazas á combinación dos contidos de Comunicación e Ciencias Sociais, que o proceso de ensinanza-aprendizaxe se conciba dun xeito global e unitario. Con este enfoque metodolóxico, evítase a presentación de solucións únicas ás situacións ou problemas propostos que lle restan ao alumnado a posibilidade do descubrimento propio. Por iso, convén fomentar o deseño de actividades interdisciplinarias que integren os distintos contidos do ámbito para que o alumnado poida obter a máxima produtividade dos coñecementos impartidos en cada unha das materias. Empregarase un enfoque eminentemente práctico que implicará a realización de tarefas variadas desde o punto de vista lingüístico e social. No referido á área de comunicación, elaboraranse actividades de creación de textos, vinculados aos ámbitos académico, social, xornalístico ou literario, tendo en conta a importancia da situación comunicativa, o rexistro e as estruturas gramaticais e pragmáticas apropiadas en cada caso. Proponse tamén a planificación de exposicións orais sinxelas ou debates sobre temas de actualidade, así como a lectura, a comprensión e a análise de textos orais e escritos de diversa índole. Polo que se refire á elaboración de tarefas asociadas ás Ciencias Sociais, aproximarase á identificación e localización espacial e temporal de feitos xeográficos e históricos, de personaxes, de ideas, de movementos, de manifestacións culturais, literarias e artísticas, recoñecendo e analizando de maneira crítica as grandes transformacións da sociedade ao longo dos períodos históricos máis significativos e no mundo cambiante da actualidade, pescudando e contrastando as informacións procedentes de distintas fontes co fin de procurar un coñecemento nítido da evolución histórica e social do ser humano. Por medio de actividades como deseño de rutas (histórico-xeográficas), simulacións históricas, investigacións sobre temas curriculares, elaboración de xornais de época, redacción de pequenos comentarios históricos e artísticos, exposicións orais..., incentívase a iniciativa do alumnado e a súa creatividade, sentíndose parte activa do proceso de ensinanza-aprendizaxe. O proceso de ensino-aprendizaxe da lingua estranxeira desenvolverase desde un enfoque práctico orientado á acción e á comunicación a través de deseños fundamentados na análise de necesidades dirixidos a tarefas da vida real e construídos arredor de nocións e funcións seleccionadas deliberadamente. Finalmente, as tres primeiras unidades didácticas son transversais xa que o tratamento da información e a comprensión e expresión oral e escrita na aprendizaxe das linguas deben ser traballadas ao longo de todo o curso.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Poñerase en práctica neste ámbito unha metodoloxía flexible e aberta para abordar as materias que conforman a organización do curso, pois vai facilitar, grazas á combinación dos contidos de Comunicación e Ciencias Sociais, que o proceso de ensinanza-aprendizaxe se conciba dun xeito global e unitario. Con este enfoque metodolóxico, evítase a presentación de solucións únicas ás situacións ou problemas propostos que lle restan ao alumnado a posibilidade do descubrimento propio. Por iso, convén fomentar o deseño de actividades interdisciplinarias que integren os distintos contidos do ámbito para que o alumnado poida obter a máxima produtividade dos coñecementos impartidos en cada unha das materias. Empregarase un enfoque eminentemente práctico que implicará a realización de tarefas variadas desde o punto de vista lingüístico e social. No referido á área de comunicación, elaboraranse actividades de creación de textos, vinculados aos ámbitos académico, social, xornalístico ou literario, tendo en conta a importancia da

situación comunicativa, o rexistro e as estruturas gramaticais e pragmáticas apropiadas en cada caso. Proponse tamén a planificación de exposicións orais sinxelas ou debates sobre temas de actualidade, así como a lectura, a comprensión e a análise de textos orais e escritos de diversa índole. Polo que se refire á elaboración de tarefas asociadas ás Ciencias Sociais, aproxímanse á identificación e localización espacial e temporal de feitos xeográficos e históricos, de personaxes, de ideas, de movementos, de manifestacións culturais, literarias e artísticas, recoñecendo e analizando de maneira crítica as grandes transformacións da sociedade ao longo dos períodos históricos máis significativos e no mundo cambiante da actualidade, pescudando e contrastando as informacións procedentes de distintas fontes co fin de procurar un coñecemento nítido da evolución histórica e social do ser humano. Por medio de actividades como deseño de rutas (histórico-xeográficas), simulacións históricas, investigacións sobre temas curriculares, elaboración de xornais de época, redacción de pequenos comentarios históricos e artísticos, exposicións orais..., incéntase a iniciativa do alumnado e a súa creatividade, sentíndose parte activa do proceso de ensinanza-aprendizaxe. O proceso de ensino-aprendizaxe da lingua estranxeira desenvolverase desde un enfoque práctico orientado á acción e á comunicación a través de deseños fundamentados na análise de necesidades dirixidos a tarefas da vida real e construídos arredor de nocións e funcións seleccionadas deliberadamente. Finalmente, as tres primeiras unidades didácticas son transversais xa que o tratamento da información e a comprensión e expresión oral e escrita na aprendizaxe das linguas deben ser traballadas ao longo de todo o curso.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso, realizarase unha avaliación inicial do alumnado co fin de detectar dificultades e adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación inicial permitirá valorar as diferenzas académicas do alumnado e, deste xeito, poder atender á diversidade que nos atopamos na aula. Dita avaliación inicial consistirá en probas orais e escritas de diferente índole. Por unha banda, farase unha proba escrita na que se avaliarán contidos histórico-xeográficos, gramaticais, literarios, de comprensión de textos e expresións escritas e, pola outra banda, desenvolverase unha avaliación máis lúdica e oral que nos permita coñecer as destrezas lingüísticas orais e tamén os coñecementos previos que teñen dos distintos ámbitos, a partir dos cales continuarán construíndo a súa aprendizaxe. Así mesmo, contéplase a proba inicial ou diagnóstica ao comezo de cada Unidade Didáctica coa finalidade de valorar os coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema que se vai a abordar para, partindo destes, seguir construíndo os seus saberes. Tamén facilita información sobre a predisposición do alumnado cara o tema que se vai a traballar, permitindo que realice algunha proposta didáctica para abordar a unidade. Así mesmo, o docente poderá detectar as posibles confusións e incorreccións que os/as escolares teñen sobre os contidos a tratar e que precisan aclaración e rectificación.

Estas probas iniciais por unidade consistirán, segundo a ocasión, na elaboración de cuestionarios, test, enunciados de verdadeiro ou falso, tormenta de ideas, entrevistas, asembleas, redaccións, visualización de pequenos audiovisuais, etc.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	15	15	25	10	10	10	100
Proba escrita	30	0	52	35	55	30	90	39
Táboa de indicadores	70	100	48	65	45	70	10	61

Criterios de cualificación:

O ámbito será avaliado, a excepción dos contidos específicos da materia de lingua inglesa, a través dos seguintes instrumentos:

- Traballo diario dentro e fóra da aula: 20%
- Exames de avaliación: 60%

- Tarefas: 10%.

- Proba de comprensión lectora dun libro de lectura: 10%.

Nos exames poderase descontar ata 0,75 puntos por erros de ortografía reiterados e/ou redacción (0,1 por cada dúas faltas nas grafías; 0,1 por cada dous erros nos signos de puntuación; 0,1 por cada dous fallos de redacción; 0,01 por cada falta na acentuación das palabras).

A nota da avaliación, o 70% da nota global do ámbito, será a suma de: nota do exame de avaliación, nota polo traballo diario dentro e fóra da aula, nota das tarefas e nota sobre a lectura obrigatoria. Aprobarán aqueles/as alumnos/as que acaden unha nota \geq 5. A nota final da materia será a media aritmética entre as notas reais, non redondeadas, das tres avaliacións.

Na materia de Lingua Inglesa, haberá dous exames por trimestre de comprensión e expresión escrita que contarán un 70%.

Haberá unha proba de listening en cada trimestre que suporá un 10%. O traballo diario e a participación na aula contará un 20 %.

A avaliación é continua, polo que en todos os exames haberá preguntas sobre a materia estudada anteriormente.

Cálculo da nota final: Sendo a avaliación da materia continua, a nota será o resultado do cálculo das seguintes porcentaxes: 20% da nota da primeira avaliación, 30% da nota da segunda avaliación, e 50% da nota da terceira avaliación.

No cómputo global da cualificación, esta materia contará un 30 %.

Criterios de recuperación:

Aqueles/as alumnos/-as que non acaden o 5 nesta media final da materia terán a oportunidade de presentarse a un exame final no que entrarán todos os contidos traballados ao longo do curso. A estrutura do exame será a seguinte:

- Preguntas sobre comprensión, expresión e coñecemento da lingua (gramática, ortografía e léxico).

- Preguntas sobre xeografía e historia; poderán ser de tipo teórico e práctico.

- Preguntas sobre educación literaria; poderán ser de tipo teórico ou práctico.

Valoraranse tanto os contidos como a presentación, expresión e ortografía. Neste último apartado, faranse as mesmas penalizacións que nos exames do curso. Non se farán preguntas sobre as obras de lectura. Para aprobar é necesario sacar unha nota mínima de cinco.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado. En coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñaranse unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.

2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.

3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.

4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.

5. Actividades de reforzo e consolidación.

6. Aprendizaxe por Proxectos.

7. Traballo colaborativo.

8. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.

9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.

10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

PROTOCOLO DE SEGUIMENTO DO ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO: Plan específico personalizado para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso. En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas. O plan específico personalizado incluírá, cando menos:

a) Identificación da alumna ou do alumno.

b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.

c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.

- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Educación para a igualdade	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - ODS	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Prexuízos lingüísticos	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - O emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - O fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación emocional	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - A creatividade	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Observacións: Todos estes elementos transversais serán abordados ao longo do curso. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación emocional e a comunicación audiovisual, os prexuízos lingüísticos e o fomento do espírito crítico serán traballados en todas as unidades didácticas debido ao carácter do ámbito. O resto dos elementos transversais serán traballados de forma coordinada con contidos máis específicos e a través de proxectos, como por exemplo, o Proxecto de Igualdade.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Encontro cun autor	Encontro cun autor/a no propio centro escolar, dependendo das editoriais que oferten dita actividade			X
Representacións teatrais	Asistencia a representacións teatrais en lingua inglesa.		X	

Observacións:

Todas elas axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe. Permiten a socialización, a creatividade e descubrir habilidades do alumnado fóra do ámbito escolar, ademais de saír da rutina.

O departamento de Lingua Inglesa acorda deixar aberta a posibilidade de programar, sen concretar datas, a asistencia a representacións teatrais en lingua inglesa. Na medida do posible intentaríase programala para o segundo trimestre.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Outros
O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización
Secuenciáronse de maneira adecuada as unidades didácticas
Usáronse diferentes instrumentos de avaliación
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas
Ó comezo de cada unidade, infórmase ao alumnado sobre os obxectivos propostos, as competencias que se van a desenvolver, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación
Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introducción sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto
Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado, vinculándose cos seus intereses e necesidades, e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes
Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, propondo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados.
Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo..)
As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo , en gran grupo), favorecendo a adquisición das competencias clave
Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa.

Descrición:

Os indicadores de logro arriba enumerados pretenden avaliar a planificación, o proceso de ensino e a práctica docente. Recolleranse os datos en táboas de observación ao rematar o curso académico, indicando as propostas de mellora, e teranse en conta os resultados para cursos posteriores, modificando aqueles aspectos que non acadaron unha cualificación positiva.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens e os resultados serán recollidos nas actas de departamento. Para a avaliación do proceso de ensino, empregaranse os indicadores de logro recollidos na programación e tamén se terá en conta o seguimento das unidades didácticas (sesións previstas, graos de cumprimento...). Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora se fosen necesarias para poñer en práctica nos cursos sucesivos.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025268	IES As Telleiras	Narón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Lingua castelá e literatura II	2º Bac.	3	87

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	23
4.2. Materiais e recursos didácticos	24
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	25
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	26
6. Medidas de atención á diversidade	27
7.1. Concreción dos elementos transversais	27
7.2. Actividades complementarias	29
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	29
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	30
9. Outros apartados	31

1. Introducción

O propósito da materia de Lingua Castelá e Literatura en segundo de bacharelato orientase tanto á eficacia comunicativa na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal, como a favorecer o uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos, e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas.

Os obxectivos da materia de Lingua Castelá e Literatura en bacharelato marcan unha progresión con respecto aos da educación secundaria obrigatoria, dos que se parte nesta nova etapa. O afondamento con respecto á ESO consiste nunha maior conciencia teórica e metodolóxica para analizar a realidade, así como na mobilización dun conxunto maior de coñecementos, articulados a través de instrumentos de análise que axuden a construír e a estruturar o coñecemento explícito sobre os fenómenos lingüísticos e literarios tratados. Propónse tamén favorecer unha aproximación ampla á cultura, que afonde na relación continua entre pasado e presente.

Un dos fins principais desta etapa educativa é que o alumnado consiga aquelas capacidades indispensables para a plena realización persoal e social. Na sociedade de información actual en continuo cambio, isto supón ampliar as tarefas da clase de Lingua Castelá e Literatura máis aló das dirixidas á adquisición do coñecemento gramatical mediante a reflexión sobre textos, especialmente literarios.

No século XXI, resulta imprescindible aceptar un novo concepto de alfabetización que implica saber xestionar adecuadamente o inxente caudal de información co que nos atopamos. É preciso articular mecanismos que nos permitan obter información pertinente, planificar o mellor modo de comunicala atendendo a unha finalidade e a un contexto concretos, aprender a avaliala e comunicala de maneira ética. Esta alfabetización convértese así nun dos obxectivos principais do ensino da lingua. Só o seu logro permitiralles aos cidadáns e ás cidadás participar eficazmente na sociedade do coñecemento. As situacións de aprendizaxe da materia de Lingua Castelá e Literatura deben adestrar o alumnado no uso das ferramentas coas que poderán dar resposta aos retos da sociedade do século XXI, que demanda persoas cultas, críticas e ben informadas.

O desenvolvemento das competencias do alumnado reclama en bacharelato unha maior atención a textos académicos e dos medios de comunicación. Por iso, o traballo transdisciplinario é imprescindible para que o alumnado se apropie dos xéneros discursivos específicos de cada área de coñecemento. Con respecto á competencia literaria, en bacharelato preténdese unha progresiva confluencia entre as modalidades de lectura guiada e lectura autónoma, tanto no relativo aos seus respectivos corpus como ás súas formas de fruición. A adquisición dunha plena competencia comunicativa inclúe un achegamento ao feito cultural e literario a través da lectura.

A diversidade lingüística da maior parte dos contextos escolares e a innegable necesidade dunha educación plurilingüe para todo o alumnado invita ao tratamento integrado das linguas como o mellor camiño para estimular non só a reflexión interlingüística senón tamén a aproximación aos usos sociais reais, nos que a miúdo se han de manexar simultaneamente dúas ou máis linguas.

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en cinco bloques. «As linguas e os seus falantes», «Comunicación: comprensión oral e escrita», «Comunicación: expresión oral e escrita», «Educación literaria» e «Reflexión sobre a lingua». Estes cinco bloques de contido establecidos para esta etapa aparecen concretados nesta proposta didáctica para 2º de bacharelato en nove unidades didácticas. Unidades didácticas que poden sufrir algunha modificación para axustarse ás instrucións da CIUG sobre as probas ABAU (Na ABAU de 2024, os currículos estarán determinados, salvo instrución noutro sentido, pola Lei de Educación 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación (LOMLOE), así como polo Real Decreto 423/2022, de 5 de abril, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas de bacharelato e o Decreto 157/2022, de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 26 de setembro de 2022). Son as seguintes :

1. Textos do ámbito educativo, social e dos medios de comunicación: nesta unidade centrarémonos nos textos expositivos e argumentativos: os resumos, os esquemas e os comentarios críticos
2. Coñecemento da lingua I: repasaremos as categorías gramaticais, a estrutura das palabras, as relacións semánticas, a estrutura da oración simple; e comezaremos coa detección de erros ou estruturas agramaticais.
3. A poesía española do século XX: dedicamos esta unidade ao estudo da poesía española desde finais do XIX ata as tres décadas posteriores á Guerra Civil.
4. Coñecemento da lingua II: analizaremos as regras que rexen a estrutura da oración composta coordinada e

subordinada sustantiva; e continuaremos coa detección de erros ou estruturas agramaticais.

5. A novela española dos séculos XX e XXI: estudo da narrativa española desde o Realismo ata a actualidade.

6. A narrativa hispanoamericana da segunda metade do século XX: trataremos nesta unidade o estudo do chamado Boom da narrativa hispanoamericana..

7. Coñecemento da lingua III: rematamos a oración composta subordinada (adxectiva e adverbial) e a detección de erros ou estruturas agramaticais.

8. O teatro español do século XX: abordamos o estudo do teatro desde principios de XX ata, practicamente, a actualidade.

9. As linguas de España e os dialectos do español: nesta unidade didáctica, trátase de coñecer e valorar as linguas de España e as variedades dialectais do español.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Explicar e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural de España e a riqueza dialectal do español, así como da reflexión sobre os fenómenos do contacto entre linguas, para favorecer a reflexión interlingüística, para refutar os estereotipos e prexuizos lingüísticos e para valorar esta diversidade como fonte de patrimonio cultural.	1-5	2-3				1-2		1
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais, con especial atención aos textos académicos e dos medios de comunicación, recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, para formarse opinión e para ampliar as posibilidades de gozo e lecer.	2	2	1	2-3	40	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais, con atención preferente aos de carácter académico, con rigor, fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais, como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, integrando a información explícita e realizando as inferencias necesarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando tanto a súa calidade como a súa fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	40	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, con especial atención aos xéneros discursivos do ámbito académico, para construír coñecemento e dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	50	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, adoptando un punto de vista crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual, especialmente no marco da realización de traballos de investigación sobre temas do currículo ou vinculados ás obras literarias lidas.	3			1-2-3-4	40	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que se enriqueza progresivamente en canto a diversidade, complexidade e calidade das obras, e partillar experiencias lectoras para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	11			2-31-32
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras relevantes da literatura española e hispanoamericana, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais para establecer vínculos entre textos diversos, para conformar un mapa cultural, para alargar as posibilidades de gozo da literatura e para crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-31-32-42

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Consolidar e profundar no coñecemento explícito e sistemático sobre a estrutura da lingua e os seus usos, e reflexionar de maneira autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, para aumentar o repertorio comunicativo e para mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de comprensión e interpretación crítica.	1-2	2	1-2		50			
OBX10 - Poñer as prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e evitando os abusos de poder a través da palabra, para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético e democrático da linguaxe.	1-5	3		3	31	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Textos do ámbito educativo, social e dos medios de comunicación.	Nesta unidade centrarémonos nalgúns dos tipos de textos habituais no ámbito académico e na vida social, os textos expositivos e os argumentativos, a través da elaboración de resumos e/ou esquemas. e de comentarios críticos.	10	3	X		
2	Coñecemento da lingua I	Imos repasar agora as categorías gramaticais e a estrutura das palabras e aprenderemos a segmentalas nos seus morfemas constituíntes. Tamén analizaremos os diferentes procedementos que teñen as linguas para enriquecer o seu vocabulario, as relacións semánticas e a estrutura da oración simple (as unidades constituíntes e as funcións sintácticas). Comezaremos coa detección de erros ou estruturas agramaticais en pequenos textos.	13	15	X		
3	A poesía española do século XX	Dedicamos esta unidade ao estudo da poesía española desde finais do XIX ata as tres décadas posteriores á Guerra Civil; examinando as súas características, autores/as e obras máis representativos,	12	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	A poesía española do século XX	identificando, analizando e comentando tamén os trazos distintivos dos movementos, escritores e escritoras ou textos en fragmentos significativos da literatura deste período. Prestaremos especial atención á obra de Federico García Lorca, en concreto, ao seu poemario "Romancero Gitano"	12	10	X		
4	Coñecemento da lingua II	Nesta unidade analizaremos as regras que rexen a estrutura da oración composta coordinada e subordinada sustantiva; e continuaremos coa detección de erros ou estruturas agramaticais en pequenos textos	12	13		X	
5	A novela española dos séculos XX e XXI	Esta unidade didáctica abordará o estudo da narrativa española desde o Realismo ata a actualidade, examinando as súas características, autores/as e obras máis representativos, identificando, analizando e comentando tamén os trazos distintivos dos movementos, escritores e escritoras ou textos en fragmentos significativos da literatura deste período. Leeremos e analizaremos a novela "El lector de Julio Verne" de Almudena Grandes, unha das grandes escritoras da narrativa contemporánea española.	12	10		X	
6	A narrativa hispanoamericana da segunda metade do século XX:	Trataremos nesta unidade o estudo do chamado "Boom" da narrativa hispanoamericana, examinando as súas características, autores/as e obras máis representativos, identificando, analizando e comentando tamén os trazos distintivos do movemento, escritores e escritoras ou textos en fragmentos significativos da literatura deste período. Leeremos e analizaremos a novela "Crónica de una muerte anunciada" de Gabriel García Márquez, un dos grandes escritores dese momento, merecedor dun Premio Nobel.	12	10			X
7	Coñecemento da lingua III	Rematamos a oración composta subordinada: a adxectiva e a adverbial. Finalizamos, tamén, a detección de erros ou estruturas agramaticais en pequenos textos.	12	13			X
8	O teatro español do século XX	Esta unidade didáctica estará dedicada ao estudo do teatro desde principios do XX ata, practicamente, a actualidade. Centrarase, entón, na revisión das características, autores/as e obras máis destacados, así como na identificación, análise e comentario dos trazos distintivos dos movementos, escritores e escritoras ou textos en fragmentos representativos da literatura deste período. Estudaremos,	12	10			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	O teatro español do século XX	máis en profundidade, a obra "La Fundación" de Antonio Buero Vallejo, un dos principais dramaturgos do teatro do XX.	12	10			X
9	As linguas de España e os dialectos do español	Nesta unidade didáctica, trátase de coñecer en profundidade e valorar as linguas de España e as variedades dialectais do español. Mediante a comparación entre as linguas e entre os trazos dos distintos dialectos do español, sensibilizarase sobre a necesidade de refutar prexuízos lingüísticos e sobre a importancia de evitar os usos discriminatorios da lingua.	5	3			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Textos do ámbito educativo, social e dos medios de comunicación.	3

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Como mínimo, o alumnado recoñecerá a intención comunicativa, o sentido global dos textos escritos propios do ámbito educativo e dos medios de comunicación.	PE	55
CA2.4 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Os alumnos e as alumnas terán que identificar os principais mecanismos de cohesión nos textos escritos de carácter expositivo/argumentativo que inflúen e condicionan o discurso e a transmisión de información por parte do emisor.		
CA2.6 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análises, contraste e verificación, facendo uso das ferramentas adecuadas e mantendo unha actitude crítica fronte aos posibles rumbos da información.	O alumnado valorará e comentará criticamente información sobre diferentes temas, e será quen de expresar as súas propias ideas contrastándoas, se é preciso, coas vertidas nas noticias, redes sociais e outros contornos dixitais.		
CA2.8 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado analizará o grao de formalidade da situación, o propósito comunicativo, a canle e os elementos non verbais mediante o seu rastro na mensaxe.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle, e de redacción e revisión de borradores entre iguais ou utilizando outros instrumentos de consulta.	O alumnado deberá ser capaz de elaborar textos sobre temas diversos, tanto académicos como sociais ou culturais. Valorarase a fiabilidade da información, a calidade, a corrección, a coherencia, a cohesión e a adecuación.		
CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado prestará una progresiva atención e cuidado, a medida que vai ampliando os seus coñecementos, aos procedementos de cohesión dos textos, á ortografía e á corrección gramatical.		
CA3.6 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica.	O alumnado amosará una actitude positiva de cara á mellora na elaboración dos seus propios textos, aplicando progresivamente todos os recursos e coñecementos adquiridos, así como una metalinguaxe específica.		
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais especializados propios de diferentes ámbitos analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado captará, como mínimo, a intención comunicativa, o sentido global dos textos orais do ámbito educativo e a relación entre as súas partes. Seleccionará e reterá a información relevante en función dos seus obxectivos académicos.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais especializados avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado valorará, de xeito selectivo, nos textos orais do ámbito educativo a utilidade, e o emprego de soportes informáticos e audiovisuais que sirven para apoiar o discurso e para facilitar a comprensión e adquisición de coñecementos		
CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, atendendo á xestión do seu almacenamento e recuperación, así como á avaliación da súa fiabilidade e pertinencia.	O alumnado deberá ser capaz de buscar e seleccionar Información con criterios sólidos de fiabilidade, calidade e pertinencia para afianzar e completar os coñecementos requeridos.	TI	45
CA2.7 - Identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado será capaz de deducir o significado de determinadas palabras a partir do contexto no que son utilizadas.		
CA2.9 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Os alumnos e as alumnas deberán ser capaces de analizar críticamente un texto, reflexionado sobre todos aqueles elementos que impliquen a utilización da lingua cunha finalidade que non é únicamente a da comunicación respetuosa e efectiva entre os diferentes membros dunha comunidade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais extensas e nas que se recollan diferentes puntos de vista, con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo e facelo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Os alumnos e as alumnas deberán argumentar, tanto de xeito oral como escrito, sobre temas diversos utilizando un discurso axeitado: verbos de pensamento, de dúbida, adverbios e conectores que faciliten a exposición de razóns, fórmulas que impliquen ao receptor, etc.		
CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Os alumnos e as alumnas amosarán una escoita activa, eficiente e eficaz para os seus obxectivos, respectando as normas básicas de cortesía lingüística para poder traballar e interactuar entre eles mesmos e o/a docente.		
CA3.5 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social que impliquen organizar e integrar a información en esquemas propios; reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	Os alumnos e as alumnas poderán completar e incorporar nova información sobre diferentes temas curriculares investigando en diferentes soportes, sempre cun criterio selectivo e respectuoso coa propiedade intelectual, en función dos seus propósitos e obxectivos.		
CA3.7 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos tanto no ámbito persoal como no educativo e social.	O alumnado deberá ser quen de razoar de xeito respectuoso e constructivo, en situacións formais ou informais, planificadas ou non, o seu diálogo ou argumentación ante calquer idea que supoña una confrontación co seu punto de vista .		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: os compoñentes do feito comunicativo. - Análise dos compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Análise das propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Interpretación dos xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos. - Comprensión e análise crítica dos xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e medios de comunicación. - Procesos de comprensión, análise e interpretación de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. Valoración da forma e do contido do texto. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos

Contidos

- usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. Valoración da forma e do contido do texto.
- Alfabetización informacional: procura autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios. A xestión de contidos, o almacenamento e a recuperación da información relevante. Noticias falsas e verificación de feitos.
- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Análise das formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e da súa aplicación nos textos.
- Identificación dos recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Localización e clasificación de conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.
- Detección e análise das relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto con especial atención á valoración dos tempos verbais.
- Recoñecemento dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.
- Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: os compoñentes do feito comunicativo.
- Elaboración de textos tendo en conta os compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
- Os xéneros discursivos desde o punto de vista da creación de textos orais, escritos e multimodais.
- Respecto polas propiedades textuais nas creacións propias: coherencia, cohesión e adecuación.
- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos.
- Xéneros discursivos do ámbito social. Produción de textos propios das redes sociais e dos medios de comunicación.
- Procesos de composición e revisión de diversos tipos de textos propios de natureza oral, escrita e multimodal.
- Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística.
- Produción oral formal: planificación e procura de información, redacción e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.
- Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.
- Alfabetización informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. A xestión de contidos, o almacenamento e a recuperación da información relevante. Noticias falsas e verificación de feitos.
- Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos propios orais, escritos e multimodais.
- Emprego axeitado das formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e nos textos propios.
- Uso dos recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Utilización adecuada de conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.
- Establecemento das relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto con especial atención ao uso dos tempos verbais.

Contidos
- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Emprego correcto dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.

UD	Título da UD	Duración
2	Coñecemento da lingua I	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado deberá ter coñecemento das posibilidades de creación do léxico; das diferentes relacións léxico-semánticas das palabras; e ser capaz de identificar, explicar e usar de xeito correcto as diferentes categorías gramaticais; e as normas ortográficas.	PE	95
CA5.3 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado amosará una actitude positiva de cara á mellora na elaboración dos seus propios textos, aplicando todos os recursos e coñecementos adquiridos, así como una metalinguaxe específica.		
CA5.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Os alumnos e alumnas deberán ser capaces de recoñecer as relacións existentes entre as diferentes estruturas sintácticas das oracións, e entre estas e o propósito comunicativo do emisor; empregando una metalinguaxe apropiada que lles permita enriquecer os seus coñecementos.		
CA5.5 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado deberá se quen de empregar diferentes recursos e manuais académicos e de usar correctamente a terminoloxía lingüística, para- cando sexa preciso- mediante a obsevação e comparación, explicar o uso e funcionamento das distintas unidades lingüísticas		
CA5.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Os alumnos e as alumnas prestarán especial atención ás diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita atendendo a aspectos léxicos e pragmáticos.	TI	5

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- A lingua como sistema interconectado tendo en conta os diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).
- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.
- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
3	A poesía española do século XX	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada, incluído o ensaio literario e obras actuais que establezan conexións coa tradición, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	O alumnado será capaz de ler de xeito autónomo as obras propostas como lectura, amosando una boa interpretación das mesmas, una análise crítica e una ampliación do seu universo literario.	PE	85
CA4.3 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	O alumnado será quen de expresar a relación da obra lida co momento sociohistórico no que foi creada e co contexto persoal do autor ou autora; sempre dende una reflexión persoal e crítica que deberá evidenciarse mediante una metalinguaxe apropiada.		
CA4.5 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado amosará una actitude positiva de cara á mellora na elaboración dos seus propios textos, aplicando todos os recursos e coñecementos adquiridos, así como una metalinguaxe específica.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Compartir a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Os alumnos e as alumnas serán capaces de amosar que entenderon de xeito correcto as obras de lectura propostas, mediante a reflexión crítica, a formulación de diferentes cuestións e a utilización dunha metalinguaxe axeitada.		
CA4.4 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre as obras da literatura española ou hispánica do último cuarto do século XIX e dos séculos XX e XXI obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas de onte e de hoxe, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado poderá investigar sobre temas vinculados á literatura estudada (contexto histórico- cultural, outras manifestacións artísticas...) e incorporar esa información ás súas respostas en función dos seus obxectivos académicos.	TI	15
CA4.6 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Os alumnos e as alumnas deberán ser capaces de identificar e reflexionar sobre todos aqueles elementos que impliquen a utilización da lingua cunha finalidade que non é unicamente a da comunicación respetuosa e efectiva entre os diferentes membros dunha comunidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Selección das obras relevantes, incluído o ensaio literario e formas actuais de produción e consumo cultural, coa axuda de recomendacións especializadas. - Participación activa no circuío literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. - Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo, e valores éticos e estéticos das obras. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas. - Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e os formatos audiovisuais para o fomento da lectura. - Lectura guiada de obras relevantes da literatura española do último cuarto do século XIX e dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero arredor de tres eixes: (1) Idade de Prata da cultura española (1875-1936); (2) Guerra Civil, exilio e ditadura; (3) Literatura española e hispanoamericana contemporánea. Procesos e estratexias. - Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversas literarias. - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - tradición literaria. - Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura. - Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. - Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. - Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.

UD	Título da UD	Duración
4	Coñecemento da lingua II	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado deberá ser capaz de identificar, coñecer e explicar as posibilidades de combinación das palabras en unidades máis complexas; así como aplicar adecuadamente as normas ortográficas e gramaticais.	PE	100
CA5.3 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado amosará una actitude positiva de cara á mellora na elaboración dos seus propios textos, aplicando todos os recursos e coñecementos adquiridos, así como una metalinguaxe específica.		
CA5.5 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado deberá se quen de empregar diferentes recursos e manuais académicos e de usar correctamente a terminoloxía lingüística, para- cando sexa preciso- mediante a obsevação e comparación, explicar o uso e funcionamento das distintas unidades lingüísticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - A lingua como sistema interconectado tendo en conta os diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico. - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta). - Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.

Contidos
- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
5	A novela española dos séculos XX e XXI	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada, incluído o ensaio literario e obras actuais que establezan conexións coa tradición, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	O alumnado será quen de elixir e ler de forma autónoma textos relevantes vinculados á literatura estudada e expresar de xeito argumentado os motivos da súa elección e a súa experiencia lectora.	PE	85
CA4.3 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	O alumnado será capaz de interpretar correctamente os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á tradición literaria á que pertence e ás características dos xéneros e subxéneros estudados.		
CA4.5 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado usará dicionarios e manuais de consulta para revisar, corrixir e mellorar os textos propios desde o punto de vista ortográfico, gramatical e léxico, solventando problemas de comprensión.		
CA4.2 - Compartir a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Os alumnos e as alumnas serán capaces de amosar que entenderon de xeito correcto as obras de lectura propostas, mediante a reflexión crítica, a formulación de diferentes cuestións e a utilización dunha metalinguaxe axeitada.	TI	15
CA4.4 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre as obras da literatura española ou hispánica do último cuarto do século XIX e dos séculos XX e XXI obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas de onte e de hoxe, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado poderá investigar sobre temas vinculados á literatura estudada (contexto histórico- cultural, outras manifestacións artísticas...) e incorporar esa información ás súas respostas en función dos seus obxectivos académicos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Os alumnos e as alumnas deberán ser capaces de identificar e reflexionar sobre todos aqueles elementos que impliquen a utilización da lingua cunha finalidade que non é únicamente a da comunicación respetuosa e efectiva entre os diferentes membros dunha comunidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Selección das obras relevantes, incluído o ensaio literario e formas actuais de produción e consumo cultural, coa axuda de recomendacións especializadas. - Participación activa no circuito literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuitos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. - Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo, e valores éticos e estéticos das obras. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas. - Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e os formatos audiovisuais para o fomento da lectura. - Lectura guiada de obras relevantes da literatura española do último cuarto do século XIX e dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero arredor de tres eixes: (1) Idade de Prata da cultura española (1875-1936); (2) Guerra Civil, exilio e ditadura; (3) Literatura española e hispanoamericana contemporánea. Procesos e estratexias. - Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversas literarias. - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. - Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura. - Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. - Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. - Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.

UD	Título da UD	Duración
6	A narrativa hispanoamericana da segunda metade do século XX:	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada, incluído o ensaio literario e obras actuais que establezan conexións coa tradición, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	O alumnado será capaz de ler de xeito autónomo as obras propostas como lectura, amosando una boa interpretación das mesmas, una análise crítica e una ampliación do seu universo literario.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	O alumnado será quen de expresar a relación da obra lida co momento sociohistórico no que foi creada e co contexto persoal do autor ou autora; sempre dende una reflexión persoal e crítica que deberá evidenciarse mediante una metalinguaxe apropiada.	PE	85
CA4.5 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado amosará una actitude positiva de cara á mellora na elaboración dos seus propios textos, aplicando todos os recursos e coñecementos adquiridos, así como una metalinguaxe específica.		
CA4.2 - Compartir a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Os alumnos e as alumnas serán capaces de amosar que entenderon de xeito correcto as obras de lectura propostas, mediante a reflexión crítica, a formulación de diferentes cuestións e a utilización dunha metalinguaxe axeitada.		
CA4.4 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre as obras da literatura española ou hispánica do último cuarto do século XIX e dos séculos XX e XXI obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas de onte e de hoxe, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado poderá investigar sobre temas vinculados á literatura estudada (contexto histórico- cultural, outras manifestacións artísticas...) e incorporar esa información ás súas respostas en función dos seus obxectivos académicos.	TI	15
CA4.6 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Os alumnos e as alumnas deberán ser capaces de identificar e reflexionar sobre todos aqueles elementos que impliquen a utilización da lingua cunha finalidade que non é únicamente a da comunicación respetuosa e efectiva entre os diferentes membros dunha comunidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.

Contidos

- Selección das obras relevantes, incluído o ensaio literario e formas actuais de produción e consumo cultural, coa axuda de recomendacións especializadas.
- Participación activa no circuito literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.
- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuitos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers.
- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo, e valores éticos e estéticos das obras.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.
- Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e os formatos audiovisuais para o fomento da lectura.
- Lectura guiada de obras relevantes da literatura española do último cuarto do século XIX e dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero arredor de tres eixes: (1) Idade de Prata da cultura española (1875-1936); (2) Guerra Civil, exilio e ditadura; (3) Literatura española e hispanoamericana contemporánea. Procesos e estratexias.
- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversas literarias.
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.
- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.

UD	Título da UD	Duración
7	Coñecemento da lingua III	13

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado deberá ser capaz de identificar, coñecer e explicar as posibilidades de combinación das palabras en unidades máis complexas; así como aplicar adecuadamente as normas ortográficas e gramaticais.	PE	100
CA5.3 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado amosará una actitude positiva de cara á mellora na elaboración dos seus propios textos, aplicando todos os recursos e coñecementos adquiridos, así como una metalinguaxe específica.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.5 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado deberá se quen de empregar diferentes recursos e manuais académicos e de usar correctamente a terminoloxía lingüística, para- cando sexa preciso- mediante a obsevación e comparación, explicar o uso e funcionamento das distintas unidades lingüísticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - A lingua como sistema interconectado tendo en conta os diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico. - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta). - Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo. - Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
8	O teatro español do século XX	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada, incluído o ensaio literario e obras actuais que establezan conexións coa tradición, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	O alumnado será quen de elixir e ler de forma autónoma textos relevantes vinculados á literatura estudada e expresar de xeito argumentado os motivos da súa elección e a súa experiencia lectora.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	O alumnado será capaz de interpretar correctamente os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á tradición literaria á que pertence e ás características dos xéneros e subxéneros estudados.	PE	85

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado usará dicionarios e manuais de consulta para revisar, corrixir e mellorar os textos propios desde o punto de vista ortográfico, gramatical e léxico, solventando problemas de comprensión.		
CA4.2 - Compartir a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Os alumnos e as alumnas serán capaces de amosar que entenderon de xeito correcto as obras de lectura propostas, mediante a reflexión crítica, a formulación de diferentes cuestións e a utilización dunha metalinguaxe axeitada.	TI	15
CA4.4 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre as obras da literatura española ou hispánica do último cuarto do século XIX e dos séculos XX e XXI obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas de onte e de hoxe, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado poderá investigar sobre temas vinculados á literatura estudada (contexto histórico- cultural, outras manifestacións artísticas...) e incorporar esa información ás súas respostas en función dos seus obxectivos académicos.		
CA4.6 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Os alumnos e as alumnas deberán ser capaces de identificar e reflexionar sobre todos aqueles elementos que impliquen a utilización da lingua cunha finalidade que non é únicamente a da comunicación respetuosa e efectiva entre os diferentes membros dunha comunidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Selección das obras relevantes, incluído o ensaio literario e formas actuais de produción e consumo cultural, coa axuda de recomendacións especializadas. - Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. - Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo, e valores éticos e estéticos das obras. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas. - Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e os formatos audiovisuais para o fomento da lectura. - Lectura guiada de obras relevantes da literatura española do último cuarto do século XIX e dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero arredor de tres eixes: (1) Idade de Prata da cultura española (1875-1936); (2) Guerra Civil, exilio e ditadura; (3) Literatura española e hispanoamericana contemporánea. Procesos e

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - estratexias. - Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversas literarias. - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. - Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura. - Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. - Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. - Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.

UD	Título da UD	Duración
9	As linguas de España e os dialectos do español	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con especial atención ao galego e ao castelán, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das linguas e os dialectos en manifestacións orais, escritas e multimodais, diferenciando os trazos de lingua que responden á diversidade dialectal dos que se corresponden con sociolectos ou rexistros.	O alumnado recoñecerá as linguas de España e os dialectos do español. Será quen de diferenciar os trazos propios das variedades dialectais e os relativos aos sociolectos e aos rexistros.	TI	100
CA1.2 - Refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, atendendo á diversidade de normas cultas e estándares que se dan nunha mesma lingua, así como analizando e valorando a relevancia actual dos medios de comunicación e das redes sociais nos procesos de normalización lingüística.	O alumnado deberá identificar e combater os prexuízos e os estereotipos lingüísticos, Analizará tamén o papel dos medios de comunicación e as redes sociais nos procesos de normalización lingüística.		
CA1.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	As alumnas e os alumnos deberán detectar e rexeitar os usos discriminatorios na linguaxe verbal e non verbal.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos tanto no ámbito persoal como no educativo e social.	No traballo en grupo, os alumnos e as alumnas deberán chegar a acordos de maneira pacífica, mediante o uso dunha argumentación eficaz e o respecto da diversidade de opinións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As linguas de España e os dialectos do español. - Estratexias avanzadas da reflexión interlingüística. - Diferenzas entre os trazos propios das variedades dialectais (fónicos, gramaticais e léxicos) e os relativos aos sociolectos e os rexistros. - Indagación e explicación dos conceptos de norma culta e estándar, atendendo á súa utilidade e á súa diversidade na lingua española. - Os medios de comunicación e as redes sociais nos procesos de normalización lingüística. - Detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe da Lingua Castelá e Literatura de bacharelato basease na concepción construtivista do ensino. Polo que os presupostos teóricos e metodolóxicos nos que se fundamenta esta disciplina e o seu carácter basicamente instrumental son os mesmos que os da etapa da ESO. A partir deles concíbese a estruturación do Currículo que permita aos estudantes de 16 a 18 anos consolidar, afondar e ampliar a súa competencia comunicativa acadada na etapa anterior para lograr unha maior maduración intelectual e humana e unha mellor preparación para os estudos de grao superior.

Ao longo dos estudos de Bacharelato óptase especialmente polo método expositivo-indutivo para plantexamentos introdutorios ou visións panorámicas de conceptos, polo método de indagación para a aprendizaxe de procedementos e polo método activo para que o alumnado se sinta suxeito responsable do proceso de aprendizaxe e adopte actitudes favorables cara dito proceso.

Os contidos parten sempre dos coñecementos previos do alumnado acadados na etapa anterior e, mediante un proceso de aprendizaxe recorrente que vai do uso á reflexión e da reflexión ao uso, preténdese que os estudantes vaian afondando nos contidos e actividades de maior complexidade discursiva, maior rigor analítico e precisión terminolóxica. Por conseguinte, o proceso de ensino- aprendizaxe desta disciplina xira en torno a dous compoñentes que se interrelacionan: o uso e a reflexión co fin de que os alumnos e alumnas acaden as destrezas, actitudes e coñecementos desexados.

Para o desenvolvemento da materia e para a realización dos exames teranse moi en conta as indicacións establecidas polo grupo de traballo de Lingua Castelá e Literatura para as probas ABAU (CIUG): Na ABAU de 2024, os currículos estarán determinados, salvo instrución noutro sentido, pola Lei de Educación 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación (LOMLOE), así como polo Real Decreto 423/2022, de 5 de abril, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas de bacharelato e o Decreto 157/2022, de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 26 de setembro de 2022).

Todos os contidos da materia e as actividades que se realizarán están á disposición do alumnado no espazo destinado ao noso departamento na páxina web do centro e na aula virtual creada con este fin (tamén ofrécese a posibilidade de encargar fotocopias); trátase dun material moi sintetizado, elaborado polos membros do departamento.

Os temas de literatura serán traballados en primeiro lugar polo alumnado na súa casa (lectura do tema, esquema e resumo) e despois se explicarán na clase utilizando soportes dixitais (normalmente presentacións en diapositivas). Con algúns temas de gramática seguirase o proceso contrario: primeiro se explica na clase a teoría usando os

recursos TIC do departamento e a continuación se propón a aplicación práctica da mesma; cando se trate de contidos vistos xa no curso anterior, partirase dos coñecementos previos do alumnado que deberán aplicar ás cuestións prácticas propostas e se irán explicando as dúbidas que vaian xurdindo, ampliando as explicacións teóricas se fose necesario. A parte de comprensión do texto e de redacción será fundamentalmente práctica.

Para acadar a efectividade desexada, planificarase o traballo na aula a partir das seguintes concrecións metodolóxicas:

- 1) Deseño de actividades complexas a partir de textos extraídos dos medios de comunicación, do ámbito social e académico, de forma que o alumnado deba empregar un amplo abano de recursos e saberes para poder afrontar con eficacia as situacións comunicativas propostas, favorecendo o desenvolvemento do pensamento crítico e creativo.
- 2) Lectura de textos adscritos aos distintos xéneros discursivos para captar a información relevante, realizar as inferencias necesarias para a súa correcta e completa comprensión, recoñecer a relación entre a idea principal e as secundarias, identificar a súa estrutura interna e externa e interpretar os fragmentos propostos, tendo en conta as súas características formais e temáticas.
- 3) Lectura guiada, comprensiva e expresiva de textos pertencentes á literatura desde 1875 ata a actualidade, para a identificación de itinerarios temáticos e xenéricos, a análise dos seus elementos constitutivos, os seus efectos no receptor, a localización da información sociohistórica, cultural e artística asociada á tradición literaria á que representa e os seus vínculos intertextuais.
- 4) Utilización de recursos para mellorar a oralidade a través dunha ampla variedade de situacións, co fin de abordar desde un punto de vista eminentemente práctico os distintos rexistros, elementos e principios da comunicación.
- 5) Creación de textos escritos con diversas finalidades (informar, expoñer, argumentar...), pertencentes aos ámbitos social e académico, seguindo as distintas fases da construción textual: a planificación das ideas a través dun borrador, determinando o propósito comunicativo e o destinatario; a redacción; a revisión e a edición final, incidindo na corrección formal (puntuación, ortografía, estruturas gramaticais, ampliación de vocabulario e presentación).
- 6) Elaboración de resumos, esquemas, sínteses... a partir de textos escritos para fomentar no alumnado a conciencia da propia comprensión textual.
- 7) Creación de textos con intención literaria e conciencia de estilo a partir de modelos dados ou de discursos non literarios, respectando os diferentes moldes xenéricos.
- 8) Emprego de dicionarios impresos e dixitais, propiciando o seu uso como unha forma de ampliar o caudal léxico do alumnado e resolver as súas dúbidas lingüísticas e morfosintácticas.
- 9) Manexo dos recursos propios das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a procura de datos, a consulta da prensa dixital, etc. .
- 10) Utilización dos fondos, servizos e recursos da Biblioteca escolar como espazo creativo de aprendizaxe e construción de novos coñecementos a través da consulta de libros, dicionarios, xornais, materiais audiovisuais, potenciando tamén a lectura autónoma para a creación dunha identidade lectora sólida e definida, fundamentada no enriquecemento cultural e a interrelación entre as distintas áreas do saber.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Documentos e recursos elaborados ou facilitados polo profesor ou profesora.
Escolma de textos variados orais, escritos e multimodais en diversos formatos e soportes.
Selección de fragmentos e/ou obras de lectura obrigatorias e voluntarias coas súas correspondentes guías de lectura.
Actividades interactivas, animacións, vídeos e espazos dixitais para a construción de novas aprendizaxes.
Recursos e aplicacións informáticas e multimedia.
Materiais de consulta.

A selección dos materiais docentes que integran a programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, ha de dar resposta á adecuación ao contexto do centro, á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos para cada curso. Ademais,

debe abarcar unha grande variedade de actividades individuais que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade expositiva que favoreza a inmediata comprensión oral e escrita do alumnado.

Así pois, a proposta metodolóxica para a materia de Lingua Castelá e Literatura supón, ademais dos materiais teóricos necesarios para o desenvolvemento de cada unidade didáctica, o emprego dunha grande variedade de textos procedentes de diversas tipoloxías e situacións comunicativas para a súa análise e comentario.

O achegamento do alumnado á realidade na que vive a través da interpretación textual outorga á materia unha dimensión funcional innegable. Por iso, convén traballar con discursos extraídos do ámbito académico, pero tamén dos xéneros xornalísticos, que aproximen os e as estudantes á comprensión de temas de actualidade e lles permitan ser críticos co contexto que os rodea.

A escolma de fragmentos e obras de lectura obrigatorias e voluntarias, como obxecto de observación, reflexión, comentario e crítica, pretende enriquecer a experiencia lectora do alumnado, a través de textos e autoras ou autores relevantes da literatura dos séculos XX e XXI, procedentes do patrimonio nacional e universal.

O emprego das TIC constitúe un recurso ineludible, pois actúa como ferramenta fundamental para a obtención de información, a súa transformación en coñecemento propio e a súa difusión. Neste sentido, recoméndanse, entre outros, os seguintes materiais de consulta:

Diccionario da Real Academia Española: www.rae.es

Diccionario Panhispánico de Dúvidas: www.rae.es/dpd

Medios de comunicación: <https://www.prensaescrita.com/prensadigital.php>

Compilación da obra lírica dos poetas máis relevantes en lingua castelá: www.los-poetas.com

Espazo para a creación poética propia, a confección de libros virtuais, a compilación lírica e o comentario de textos de outros autores: www.poemas-del-alma.com

Ampla colección de audio e videopoemas: www.palabravirtual.com

Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes: <http://cervantesvirtual.com>

Testeando. Xogos de preguntas e respostas de opcións distribuídos por niveis educativos: <https://www.testeando.es/>

Portal de recursos educativos Leer.es: <https://leer.es/>

Materiales de Lengua y Literatura: <http://www.materialesdelengua.org/>

Aula de Letras: http://www.auladeletras.net/Aula_de_Letras/Inicio/Inicio.html

Morderse la lengua: https://cvc.cervantes.es/actcult/morderse_lengua/default.htm

Analizador morfosintáctico do Ministerio de Educación: <https://intef.es/?enlace=1&prev=2>

Páxina web do INTEF (Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas e de Formación do Profesorado): <https://intef.es/recursos-educativos/recursos-para-el-aprendizaje-en-linea/>

Apuntes de Lengua: <http://www.apuntesdelengua.com/>

Didactalia: <https://didactalia.net/comunidad/materialeducativo>

Proyecto Aula: <https://lenguayliteratura.org/proyectoaula/>

Educación 3.0: <https://www.educaciontrespuntocero.com/recursos/blogs-lengua-castellana-literatura-eso-bachillerato/>

En un lugar de la red: <https://enunlugardelared.wordpress.com/recursos-tic/>

educaLAB: <http://educalab.es/recursos/historico/asignaturas/lengua-castellana-literatura>

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Proba escrita, realizada nos primeiros días do curso, cun texto e preguntas sobre contidos gramaticais, na que se avalíase a capacidade de comprensión e expresión escrita, e se recollen os contidos curriculares básicos da materia a nivel de 1º de Bacharelato.

As deficiencias xerais detectadas nalgún destes aspectos faría que se afondase máis nas clases neles e incluso que se recomendasen traballos específicos para a casa. No caso de que se detectase algunha deficiencia grave en algún/ha alumno/a (non é moi habitual debido ao nivel de estudos en que nos atopamos), poñeríamonos en contacto co Departamento de Orientación para decidir, de forma conxunta, as medidas a adoptar.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	13	12	12	12	12	12	12	5	100
Proba escrita	55	95	85	100	85	85	100	85	0	83
Táboa de indicadores	45	5	15	0	15	15	0	15	100	17

Criterios de cualificación:

A materia é acumulativa e non existen exames de recuperación. Ao finalizar a terceira avaliación todos os alumnos/as deberán examinarse de toda a materia.

Realizaranse dous exames en cada avaliación sobre os contidos estudados, tanto de comprensión e redacción de textos coma de coñecemento da lingua e da literatura.

Poderá descontarse ata 2 puntos pola incorrección ortográfica ou por erros continuados na utilización dos signos de puntuación ou na redacción. Descontarase 0.1 punto por cada falta de ortografía non repetida, 0.1 por cada dous erros non repetidos no uso do acento gráfico (acentos que faltan ou que sobran), 0.1 por cada dous erros no léxico e de redacción (coloquialismos, imprecisións ou expresións clixé, galeguismos, discordancias, outras incorreccións sintácticas,...)

LECTURAS OBRIGATORIAS:

1ª avaliación: Romancero gitano, Federico García Lorca

2ª avaliación: El lector de Julio Verne, Almudena Grandes.

Crónica de una muerte anunciada, Gabriel García Márquez

3ª avaliación: La Fundación, Antonio Buero Vallejo.

As lecturas forman parte dos contidos da materia, polo que son avaliadas con preguntas nos exames, tanto de comprobación da lectura coma de coñecemento sobre a teoría estudada e a comprensión da mesma a través de fragmentos.

A nota da avaliación sairá da media ponderada das notas dos dous exames de avaliación: o 1º exame vale o 40% e o 2º, o 60%.

A nota final da materia será a media ponderada entre as tres avaliacións, do seguinte xeito: a nota da 2ª avaliación vale o dobre que a nota da 1ª avaliación e a nota da 3ª vale o triplo. O resultado divídese entre 6.

Aprobarán a materia os/as alumnos/as que teñan de media ponderada unha nota \geq 5

Criterios de recuperación:

A materia é acumulativa e non existen exames de recuperación

Aqueles/as alumnos/as que non aproben a materia na convocatoria ordinaria, examinaranse de todo o temario na proba extraordinaria. Nesta proba seguirase o modelo dos exames de ABAU polo que haberá, como mínimo, unha pregunta sobre as lecturas obrigatorias. Para aprobar é necesario ter unha nota mínima dun 5. Aplicaranse as mesmas penalizacións por erros que nos exames realizados durante o curso. Os mínimos esixidos serán os mesmos que os establecidos para os exames do curso.

6. Medidas de atención á diversidade

As aulas reflicten a diversidade da sociedade na que vivimos. O recoñecemento da diversidade do alumnado constitúe un principio fundamental que debe rexer toda acción educativa. Unha das finalidades da educación é asegurar a igualdade de oportunidades de todos os alumnos e alumnas poñendo os medios para evitar o risco de abandono do sistema educativo.

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para o bacharelato e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

As medidas de atención á diversidade deben atender ao principio de inclusión educativa. Isto supón recoñecer a lexitimidade das diferenzas de todas as persoas, asumíndoas como un valor que enriquece o contexto educativo. Este principio establece que todos os alumnos e as alumnas, sexa cal sexa a súa condición persoal, poden aprender sempre que a súa contorna educativa ofrezca condicións necesarias de acceso e outorgue experiencias de aprendizaxe significativas para todos e todas.

Para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, (en base ao recollido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño) por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe por trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poidan alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa para todo o alumnado.

De ser necesario, elaborárase a adaptación curricular do alumnado que a precise en colaboración co Departamento de Orientación; o noso Departamento levará a cabo as medidas recollidas nesa adaptación que lle correspondan.

Así mesmo, estableceranse as medidas oportunas para os alumnos con dificultades específicas de aprendizaxe por TDAH, tales como adaptación de instrumentos e, e de ser o caso, tempos e apoios que aseguren unha correcta avaliación deste alumnado. De igual xeito, buscarase a localización máis idónea na aula, de forma que estean sentados cerca da mesa do profesor e, na medida do posible, ao lado de compañeiros que lle sirvan de modelo de tranquilidade, de orde e axuda.

Ao longo do curso e, segundo a evolución e necesidades concretas de cada alumno/a, poderanse levar a cabo todas as medidas que consideremos necesarias para o correcto desenvolvemento destes alumnos/as.

Así mesmo, empregaranse as ferramentas elaboradas pola Consellería para a prevención, detección precoz e tratamento da diversidade, como son os protocolos específicos dirixidos a favorecer a inclusión educativa do alumnado.

En canto ó alumnado que teña pendente a Lingua castelá e literatura de 1º de Bacharelato, o contido da materia dividiráselle en dúas partes das que deberán examinarse nos correspondentes parciais. A principio de curso, se lle entregará un documento- a modo de Presentación de materia, que tamén figurará na páxina web do departamento- no que se especifican tanto os contidos correspondentes a cada proba como os criterios de avaliación. Considerarase que o alumnado ten superada a materia de 1º de BAC se consegue como nota media entre as dúas probas cinco puntos.

Se unha alumna ou alumno non acada esa nota media, terá outra oportunidade para superar a materia- na convocatoria ordinaria- realizando un exame final de todo o contido. No caso de non aprobar a materia nesa convocatoria, examínase de novo nunha proba extraordinaria.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A defensa dos dereitos humanos.		X		X	X		X	
ET.2 - A convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.		X			X		X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.3 - O respecto polas diferenzas.					X	X	X	
ET.4 - A formación estética.		X	X		X			X
ET.5 - O compromiso co desenvolvemento sostible.							X	
ET.6 - A educación para a saúde.							X	
ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico	X		X	X		X		

	UD 9
ET.1 - A defensa dos dereitos humanos.	X
ET.2 - A convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.	X
ET.3 - O respecto polas diferenzas.	X
ET.4 - A formación estética.	
ET.5 - O compromiso co desenvolvemento sostible.	
ET.6 - A educación para a saúde.	X
ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico	

Observacións:

A acción educativa debe fomentar de maneira transversal valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos, a educación para a saúde, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

As situacións de aprendizaxe desta materia deben adestrar o alumnado no uso de valores que lle permitan facer un uso eficaz e ético das palabras; ser persoas respectuosas coas diferenzas; ser competentes para exercer unha cidadanía dixital activa; ser capaces de aprender por si mesmas e colaborar; ser creativas e emprendedoras; e comprometidas co desenvolvemento sostible e a salvagarda do patrimonio artístico e cultural, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.

Evitaremos os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias. A materia de Lingua Castelá e Literatura debe contribuír tamén a incorporar elementos relacionados co desenvolvemento sostible e a protección do medio ambiente e coas situacións de risco derivadas do uso das TIC.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Non se contemplan	Nivel no que están	X	X	X

Observacións:

Neste nivel non se prevé organizar AAEE debido ás súas características especiais: remate das clases antes dos outros cursos, temarios moi extensos, preparación para as ABAU... Só no caso de que chegase ao centro unha oferta que fora de máximo interese para a formación do alumnado contemplárase esa posibilidade de xeito excepcional.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A planificación e a distribución do tempo asignado a cada tarefa son axeitadas.
Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...).
Aplicouse a metodoloxía didáctica establecida na programación.
Aplicáronse os procedementos e criterios de avaliación establecidos na programación didáctica.
Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa ou coa materia pendente do curso anterior.
Metodoloxía empregada
Ao comezo de cada unidade, infórmase o alumnado sobre os obxectivos propostos, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación.
Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto.
Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes.
Aplicáronse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de síntese, análise e redacción...
Explicáronse e corrixíronse as actividades levadas a cabo nas distintas unidades didácticas.
Puxéronse en práctica medidas para estimular o hábito lector.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Empregáronse os materiais e recursos didácticos programados.

Medidas de atención á diversidade

As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo).

Levóronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, propoñendo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados.

Descrición:

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura estará dispoñible para a comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. As ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

- A programación didáctica elaborouse de maneira coordinada coa colaboración de todo o profesorado do departamento.
- A programación didáctica específica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no Proxecto Educativo de Centro.
- Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.
- Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.
- As actividades desenvoltas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.
- A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.
- A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e tempos destinados á realización das actividades previstas.
- A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuadas ao perfil, características e necesidades do alumnado.
- A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.
- A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do centro educativo.

Así mesmo, realizarase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación PROENS, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final da explicación de cada unha delas, o número de sesións dedicadas ao seu desenvolvemento, especificando as previstas ao comezo e as realizadas finalmente, así como o grao de cumprimento dos obxectivos indicados.

As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para

favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

9. Outros apartados